

NOVAS TURONIO

Xornal galego da Area Metropolitana de Vigo

ANO 2 | Edición nº 19 | Xullo de 2017 | PRECIO 0,50 EUROS

524.000€ para o
Castelo de Sobroso

Páxina 5

A Deputación soterra as
liñas eléctricas no
Santuario da Franqueira

Páxina 11

Felipe VI no 50
aniversario de AIMEN

Páxina 19

Festival de Piano IKFEM
en Tui

Páxina 27

Ministro da Cultura
inaugura a XIX Bienal
de Arte de Cerveira

Páxina 31

V Festival Groba de
música clásica en
Ponteareas

Páxina 32

A estratexia “Ponteareas, Hábitat Saudable” foi presentada aos veciños no Auditorio

Páxina 4



Gracias

50
Pompas Fúnebres
del Condado
desde 1964



OPINIÓ

Xosé González Martínez

Presidente da Fundación L. Peña Novo

Día da Patria Galega / Día de Galicia, xornada de pedagogía galeguizadora

Presenciei moitas veces a mesma escena, aínda que con distintos protagonistas. Rematada a manifestación para reclamar protección governamental para o agro galego, ou reivindicar postos de traballo, grupos de manifestantes acuden aos bares levando debaixo do brazo bandeiras e pancartas para celebraren o éxito da convocatoria. Pídenlles aos camareiros viños, vermús, cervexas e “algo para picar”, sen demandaren que sexan produtos galegos etiquetados na nosa lingua. A escena por frecuente, como digo, é inadmisíble pola incoherente contradición que conleva.

Chega o día 25 de xullo, Día da Patria Galega/Día Nacional de Galicia/Día de Galicia (segundo para quen) e as escenas repítense, multiplicándose nas tabernas e restaurantes composteláns. Iso si, despois de corearen proclamas na defensa da nosa identidade e as pertinentes denuncia dos gobernantes. Isto volverá a acontecer este ano se non media unha intervención das direccións das agrupacións sindicais e políticas para corrixiren actitudes que non son coherentes.

O Foro E. Peinador e a Irmandade de

Agroalimentarios e Adeagueiros vén de dirixirlles a todos os axentes políticos e sociais, e á cidadanía en xeral, unha carta na que se recollen os argumentos da filosofía que nos define. “Unha vez máis queremos buscar esa complicidade, animando ás persoas a demandaren produtos etiquetados en galego, e tamén aos restaurantes, casas de xantares, cafeterías, bares e comercios en xeral a que oferten estes produtos nas súas cartas e expositores, na intelixencia de que, deste xeito, estamos a apoiar o comercio local e promovendo unha economía sostíbel que xera riqueza, valor engadido e emprego de proximidade, ao tempo que axuda a manter viva unha cultura, unha lingua e unha forma de ser”.

Nestes últimos anos contamos co apoio de distintos movementos sociais, organizacións sindicais e políticas, e mesmo co do Parlamento de Galicia, que simbolizamos na sinatura da chamada Carta de Consumo Res-

ponsable e Solidario, na que se establece que temos un deber responsable á hora de



dicir por que produtos optamos, “coa conciencia de que os produtos galegos contribúen ao desenvolvemento económico, permiten fixar poboación e garanten a pervivencia do noso país”. Pero aínda hai algo máis que cómpre salientar: temos un deber solidario con aquelas persoas emprendedoras que deron o paso arriscado de etiquetaren en galego as súas elaboracións ou

utilizan o noso idioma nas súas campañas de promoción e comunicación, colaborando no mantemento dos nosos valores identitarios.



Cando apelamos á pedagogía como un medio para mudarmos as condutas dos consumidores facémolo pensando nas organizacións sociais e políticas de inequívoca defensa da nosa identidade, porque son elas as que deben dar exemplo para que desde o primeiro ata o último militante se sumen a esta tarefa de galeguización do consumo.

O día 25 de xullo Compostela debería converterse nunha localidade onde escenificar e experimentarmos a eficacia desta pedagogía galeguizadora que propoñemos. Que non quede ningún bar, cafetería ou restaurante sen ter coñecemento desta pretensión, convidándoos amablemente a seren solidarios coa lingua galega e cos nosos produtos.

Se non queremos caer nas rituais e abstractas manifestacións que non son máis que brindes aos sol, as forzas políticas e sindicais deben aleccionar aos seus militantes a participaren nesta xornada como mestres da galeguidade, aínda que sexa o día 25 de xullo. Hai que pasar dos ditos aos feitos.

Cadernos da viaxe

Por: Xoán Antón Pérez-Lema

Os roubos non reparados do franquismo

O peche en falso da ditadura franquista por mór da transición dos anos 70 determinou que non se repararan os roubos do franquismo á cidadanía, mesmo que millóns de persoas descoñezan a existencia

Nos primeiros meses posteriores á rebelión facciosa de 1936 incautáronse na Galicia bens e grandes sumas de diñeiro de persoas e familias non afectas ao golpe de Estado. A primeiros de 1937 o réxime franquista institucionalizou estes desapoderamentos ilegais. O sistema evoluiu até o desapoderamento deseñado polas Leis de Responsabilidades Políticas) e de Represión da Masonería e do

Comunismo.

Moitos galegos foron desposuídos dos seus bens e diñeiro de xeito ilegal e aínda non foron reparados. Velaí o caso do secretario do Concello d'A Coruña, Joaquín Martín (republicano centrista) condenado á morte e executado o 31 de agosto de 1936. A responsabilidade civil derivada da condena ascendeu a un millón de pesetas da época. A súa viuva, filla do esgrevio coruñés Médico Rodríguez, aínda pregaba lastimeiramente da ditadura no 1954 que lle levantasen o embargamento sobre os bens herdados do seu home. Outros casos salien-

tábeis foron os do deputado republicano Miñones Bernárdez (principal accionista da Electra Popular, logo adquirida de saldo pola Fenosa de D. Pedro Barrié) ou do secretario de Relacións Internacionais do Partido Galeguista Plácido Castro.

No resto do Estado o despoño incrementouse coa anulación do valor de todo o papel moeda emitido polo Goberno da República española posterior ao 1936, o que supuxo a incautación de inxentes cantidades de diñeiro emitido contra das reservas de ouro da República.

Dende 1987 aplicouse unha lexislación orientada á devolución dos bens incautados ás organizacións sindicais e políticas, da que se beneficiou nomeadamente a UGT e da que

sairon perdendo a CNT, o Partido Galeguista e o PNV, que nunca recuperou a súa sede parisién onde hoxendía se atopa o Instituto Cervantes. Mais nunca nada se acordou para as familias e empresas desposuídas, como si se fixo na Alemaña postnazista e na Italia postfascista.

Velaí a xustiza da proposición non de lei que veñen de presentar varios partidos no Congreso para que sexan reparados os roubos do franquismo ás persoas e entidades privadas. Porque compre, si, que pasemos páxina. Mais non sen lela antes.



Ramiro Casanova

As mulleres, piar e fundamento do priscilianismo

Despois de ler o interesante libro de Victorino Pérez Prieto (un bo e xeneroso nacido en León) titulado: “Prisciliano na cultura galega. Un símbolo necesario”, descubro que Prisciliano era discípulo dunha tal Ágape, oradora de verbo acendido e fundadora do movemento que continuaría Prisciliano.

As mulleres galegas sentíanse atraídas polo priscilianismo, non tanto porque Prisciliano fose un bo mozo, que igual tamén o era, senón porque lles ofrecía dignidade e igualdade. As mulleres neste movemento eran protagonistas de igual a igual cos homes e podían ser sacerdotisas e doutoras, obtendo un posto de

honor tanto na familia como na sociedade. O incendio priscilianista exténdese por toda Gallaecia e os seus ecos perduran ciclicamente na nosa Historia até chegar a hogano. Amantia, Gala, Exeria,... son algunhas delas, cuxa identidade e figura pérdense na néboa. Polo demáis, recomendo a lectura deste libro para coñecer un pouco máis a herexía priscilianista, que entronca coa tradición celta e que tivo un



grande arraigo no pobo galego. Lembremos que no discurso Alba de Goria de Castelao é Prisciliano -e non outro/a- quen encabeza esa Santa Compañía de figuras relevantes da nosa Historia. Informádevos aínda que sexa superficialmente, consultando por internet. Saber de Prisciliano é tan importante como saber de Castelao. Un pobo precisa dos seus mitos e das súas lendas. Como dicía Isaac Díaz Pardo, a memoria é todo.

Por: Guillermo Rodríguez

Director



O Poder e a erótica do Poder

Chegou ás miñas mans (ben, non chegou, merqueino) un libro titulado "Las leyes del castillo. Notas sobre el Poder", de Carles Casajuana, diplomático de profesión e autor de varios libros máis, sobre o que lles quería comentar. Ao mesmo tempo cruzóuseme no camiño outra lectura de autores variados, sobre a erótica do Poder.

O Poder e a erótica sempre foron da man. Coñecemos moitos casos en que a erótica, as debilidades humanas, o atractivo que pode resultar a vida sexual, determinaron vidas e facendas, tomaron e abandonaron reinos, enfrontándose a todo o mundo ata chegar a renuncias que de non ser pola erótica non terían lugar.

O poder eleva, dinos Casajuana, enaltece, exerce a unha altura considerable do chan; por iso os que o desempeñan, así como os que o rodean, non deixan de sentir algunha forma de vertixe. En política, como é ben sabido, éntrase pola porta e sáese pola ventá. A política non é un xogo de azar. É unha arte que esixe unha combinación de cualidades.

Fálase da erótica do Poder nunha dobre vertente. Por un lado, a excitación que provoca en quen o exerce, o que o leva a acaparar máis e máis poder; a exercelo cada vez de maneira máis evidente e notoria, buscando un clímax que ao parecer nunca chega. Pola outra banda, a atracción e mesmo a fascinación que exercen os poderosos sobre o rabaño, ata o punto de que alguén absolutamente anodino poida converterse, grazas ao poder que ostenta, en declarado obxecto de desexo.

Para quen nunca o tivo debe ser insufrible posuír moito diñeiro e que os demais non se enteren. En efecto, é o afán

de ostentación o que delata ao novo rico. Igual que co diñeiro ocorre con calquera outra forma de Poder. Por exemplo, co poder político, particularmente cando se alcanza de boas a primeiras, sen experiencia previa algunha, ou mediante intrigas de partido e non grazas á maior preparación e á mellor capacidade de liderazgo, de maneira que a xerarquía política e ad-



ministrativa non se corresponden coa xerarquía natural. En todos estes casos, que por desgraza son moi frecuentes, a autoridade dexenera en autoritarismo, de maneira que sempre temos ao político responsable na cabeza e nos medios de comunicación, porque o feito de mandar e contar coa forza represiva necesaria para facerse obedecer debe ter a súa erótica. Como pasear a cabalo polas túas herdanzas ríndote dos traballadores que dependen dun miserable soldo que lles pagas. Así ata que un día se farten e polas boas ou polas malas te fagan caer do cabalo.

Con frecuencia atribuímos a astucia o que é froito do azar e á mala fe o que resulta da ignorancia e do erro. Montaigne escribiu: "A maior parte das cousas ocorren por sí mesmas". Con frecuencia o

éxito dunha acción non depende tanto da sabedoría ou tino de quen a realiza como da fortuna, do azar. A metodoloxía política é tan cambiante como a atmosférica, e igual de imprevisible. Os políticos sábeno e acostuman aceptalo, a vivir ao día, sen fiarse demasiado dos plans a medio e, aínda menos, a longo prazo.

A atención da opinión pública pasa dun asunto a outro sen profundizar, sen deterse en pormenores, estimulada por uns medios de comunicación que, en constante loita por aumentar os índices de audiencia, converten a información nunha forma de entretemento. A un tren séguelo outro tren, e despois outro. Os acontecementos sucédense como saltos de pantalla. Unha imaxe borra a anterior. Un mal telediarario e un bo telediarario poden sumar dous bos telediararios, porque o que acaba na retina dos telespectadores e a dobre imaxe dun político de turno superposta, o bo sabor de boca da última noticia. Nada é como é senón

como se percibe, e a percepción depende do estado de ánimo do perceptor.

Un bo político é o que ten un proxecto, uns obxectivos ben definidos, pero sabe adaptarse ás circunstancias coma un bo surfista. A política é a arte da continxencia, da oportunidade e o terreo en que se exerce é case sempre o do curto prazo.

Pero nas entrañas de todo isto, de como exercer o poder e de como impoñerse aos seus subalternos, en montóns de casos, preséntase o verdadeiro erotismo. Aquel que nos leva, leva aos políticos quero dicir, a deixar todo manga por ombro e seguir ese cheiro embriagador que pode ser un perfume de muller. A historia está chea de casos así. De como a verdadeira erótica, o sexo, foi determinante na marcha da Humanidade. Juan

Ruiz, arcepreste de Hita, deixou dito: "Como dixo Aristóteles, cousa é verdadeira//, que o home por dúas cousas traballa, a primeira // por haber mantención, a outra cousa era // por xuntanza con femia pracenteira".

Dende a remota prehistoria, o sexo ten prestixiado ao poder. O principal privilexio do macho alfa dominante na manada primitiva consistía en fecundar a cantas femias puidera. Elas sometíanse obedientes, non só á autoridade senón ao instinto que sempre busca mellorar a especie cos xens do que se decanta como exemplar superior da manada. Esta tendencia perdurou en época histórica: os faraóns tiñan ducias de donas, moitas delas como garantía de acordos internacionais. Salomón, o rei de Israel, soportou por razóns do cargo a enorme tarefa de "contentar" a setecentas donas lexítimas e trescentas barraganas. E aínda así, quedoulle fol para satisfacer á exótica e despampanante raíña de Saba, deixando moi alto o pavillón de Israel. Salomón, o sabio por excelencia, desviouse do seu proxecto político-relixioso por amor ás súas mulleres pagás, ou por braguetazos, quen sabe. Isto vén a confirmar que o sexo condiciona os gobernantes, sendo un ingrediente fundamental no devenir da Historia.

Son centos de casos coñecidos nos que o político de quenda abandona o Poder unha vez que uluí unhas bragas debidamente perfumadas ou foi agasallado por unhas caricias, non sempre sinceiras, de moitas damas, e outras que non o eran tanto, que con ese especial instinto feminino foron quen de torcer a súa vontade ata preferir o disfrute dun apaixonante amor sexual ao Poder político. Casos hai que se conxugan as dúas cousas, pero son os menos, ou polo menos os que menos coñecemos.

En próximas entregas falaremos do Poder político a secas e do Poder erótico-político. En ámbolos dous casos entran en xogo o Poder de mando e ordeno e o atractivo sexual que non é menos dominante.

Páseno ben e disfruten, se poden, do Poder e do sexo. Non deberan ser incompatibles.



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosdespanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69
redaccion@novasdeturonio.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Dpto. propio e axencias
publicidade@novasdeturonio.com

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Rocio Pereira Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Viale Moutinho, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, Pilar Martínez, Manuel Rodríguez Alonso, Xulián Maure, Uxío Breogán, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Luis Martínez Risco, Fco. Peña Castiñeira, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 40-2016

CONDADO / PARADANTA

PONTEAREAS

Presentouse no auditorio a estratexia “Ponteareas, Hábitat Saudable” que planificará o modelo de futuro da vila

Asociacións e colectivos de todo o Concello arroupáronse o sábado día 15 ao Alcalde de Ponteareas na presentación da estratexia “Ponteareas, Hábitat Saudable” o documento de planificación urbana que organizará o crecemento da cidade.

“Ponteareas, Hábitat Saudable” enmárcase dentro da EDUSI (Estratexia Urbana de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado) subvencionada con 5.000.000€ polos Fondos FEDER.

Acompañado do Alcalde de Pontevedra, Miguel Anxo F. Lores, e do responsable do proxecto, o arquitecto Luciano González Alfaya, explicouse aos asistentes o conxunto de ideas que marcan o camiño a medio e longo prazo de Ponteareas analizando os riscos e anticipándose aos problemas que poidan xurdir no futuro.

Lores explicou o modelo Pontevedra que tantos premios internacionais ten recollido e deu números e exemplos das melloras e das consecuencias beneficiosas para a veciñanza de Pontevedra nos últimos anos.

No acto tamén estiveron presentes os Deputados, María Luisa Pierres, Abel Losada, Uxío Benítez, David Regades, Ricardo García Mira e Guillermo Meijón.

Na última convocatoria de Fodos FEDER, a Unión Europea decidiu que toda cidade que quixese ser receptora dos mesmos, tiña que ter un Plan Estratéxico. Nese punto, dende o Concello de Ponteareas, asumíuse o reto como unha oportunidade para elaborar unha verdadeira Estratexia de Planificación Urbana co horizonte fixado no ano 2030. Arquitectos, economistas, enxeñeiros e sociólogos participaron no deseño desta estratexia que permitía solicitar os fondos FEDER”, explica o Alcalde, Xosé Represas.

O primeiro paso foi detectar as debilidades: deficiente estrutura da administración local; deterioro da forma urbana pola falla de planificación urbanística, enerxética e de mobilidade; a escasa consideración da paisaxe (entendida como hábitat) e; a precariedade da economía local.

Logo identificáronse as fortalezas: posición estratéxica na co-



Os alcaldes de Ponteareas, Pontevedra e As Neves e o Deputado provincial Uxío Benítez atenden as explicacións do arquitecto Luciano González Alfaya.

marca, alta densidade de poboación, carencias cun consumo enerxético un 50% superior a media galega, contorna medioambiental moi rica, renda por fogar un 20% inferior á media galega, segundo Concello galego con maior poboación inferior a 20 anos e ausencia de plan xeral desde hai 15 anos.

En base a isto decidíuse apostar por doce liñas que van desde o desenvolvemento sostible á revitalización da economía pasando pola implantación de sistemas de aproveitamento de biomasa, a recuperación de zonas verdes, a inclusión activa e a loita contra a discrimina-

ción, a mellora da administración local a través das TICs, a mellora da eficiencia enerxética e mobilidade sostible, a mellora do patrimonio e da contorna do río Tea, o apoio ao comercio e a mellora do casco vello, son algunhas das liñas recollidas na estratexia.



O Alcalde de Pontereas Xosé Represas durante a exposición.



Represas co Alcalde de Pontevedra Miguel Anxo F. Lores e a Tenente de Alcalde Chus Garrote.

o remendón

Cerraxería
vivenda·automóbil·chaves

Reparación de calzado

Tlf. 637 764 865
cerrajeroremendon.com
Rúa Raíña Dona Urraca, 20-baixo 3
Salvaterra de Miño

SERVICIO 24 HORAS

ler e Punto

LIBRARÍA EN XERAL - PRENSA
COPIAS - FAX - RECARGA DE MÓBILES
MERCERÍA - LABORES - LÁS
MANUALIDADES - AGASALLOS

lerepuntoinfo@gmail.com
ENTRADA de AS NEVES
Fronte á gasolinera, e xunto a XES

BIMCA, S.L.

FERRETERÍA Y MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN
PAVIMENTOS Y AZULEJOS
PINTURAS, SANEAMIENTOS, ELECTRODOMÉSTICOS

C/ Rosalía de Castro, 99. SALVATERRA de MIÑO
Telf. 986 659 362 - 986 658 514 - Fax 986 658 274
e-mail: bimca@bimca.com www.bimca.com

A Deputación achega 524.000€ para converter ao Castelo de Sobroso nun espazo de atracción turística

A través deste investimento prevense realizar, ao longo do 2017, actuacións para conservar e manter o Castelo e poñer en marcha unha senda circular polo Bosque Atlántico

A Presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva, asinou esta mañá un convenio de colaboración co alcalde de Ponteareas, Xosé Represas, mediante o cal a institución provincial alcanzará preto de 384.000 € para conservar e manter o Castelo de Sobroso. Este convenio, xunto ás actuacións que a Deputación vai realizar este verán no Bosque Atlántico do recinto, suporán un investimento total de 524.000 € durante o 2017.

Carmela Silva asegurou que a través deste convenio, por valor de 383.822,53 €, “pretendemos levar a cabo obras de conservación e mantemento, tanto no que se refire á limpeza como á reparación da edificación, a renovación da iluminación, das instalacións e carpinterías de madeira, así como todas aquelas obras complementarias precisas para que o recinto se atope en

perfectas condicións e poder levar a cabo a musealización no 2018”.

A sinatura do convenio, segundo declarou a Presidenta Provincial, “tiña que ser un acto especial, no propio Castelo de

cheo de contido e vertebrado arredor da cultura e da natureza”. Por ese motivo, no transcurso do acto tivo lugar unha representación teatral, a cargo de Troula Animación, protagonizada por Dona Urraca, unha das figuras históricas vencelladas ao Castelo de Sobroso.

As obras de conservación e mantemento que se van realizar neste recinto histórico, segundo adiantou Silva, son previas ao proxecto de musealización a través do cal se vai converter o Castelo de Sobroso nun centro cultural e natural que permitirá aos visitantes coñecer a historia do recinto pero tamén o Bosque Atlántico que se atopa ao seu carón. Ao respecto, a Presidenta da Deputación asegurou que “estamos a traballar xa na mellora do Bosque Atlántico, naturalizando o entorno forestal dos xardíns do recinto a través da retirada de especies invasoras,



Presidenta Deputación e alcalde asinando o convenio.

sobre todo acacias, e tamén estamos a executar unha senda circular que permitirá dar a coñecer as especies arbóreas que se atopan nel”.

A senda circular polo Bosque Atlántico, cun orzamento que ascende aos 118.000 €, incluírá seis paneis tecnolóxicos con contidos en inglés, castelán e galego elaborados por especialistas no coñecemento do Bosque Atlántico, integrado por especies como os carballos, castiñeiros, sobreiras, camelias, cipreses e árbores froiteiras.

Pola súa banda, o Alcalde de Ponteareas, Xosé Represas, destacou a importancia da colaboración entre a Deputación e o Concello e agradeceu á Presidenta a súa presenza e apoio. Represas asegurou que “o Castelo do Sobroso é un elemento patrimonial emblemático non só do noso Concello senón tamén de toda a comarca e mesmo da provincia e o seu entorno, ademais, posúe un gran valor natural polo que supón un atractivo turístico no que paga a pena investir tódolos esforzos”.



Sobroso, como manifestación do noso compromiso co mesmo e a nosa vontade de convertelo nun centro de atracción turística,

Viñoteca
Eira Vella
viños, tostas, pulgas e demais ...

Rosalía de Castro 12 Baixo
Ponteareas
694 416 706

ASER GALICIA
CENTRO DE NEGOCIOS
ASESORÍA DE EMPRESAS

salvaterra@asergalicia.com 986 664 292
Curros Enríquez, 8 . Salvaterra de Miño
asesoria@asergalicia.com 986 640 015
Rúa Redondela, 11 . Ponteareas

RIVERO Casa
RESTAURANTE

Telf: 986 656 337 - MONDARIZ BALNEARIO

Panadería Pastelería
A Fogaza
Pan Artesano

Dario Bugallal, 7 Ponteareas
Telf: 886 15 52 49 - 661 95 84 79

GASOLEOS TEA
Distribuidor oficial REPSOL para:
CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN

SERVICIO A DOMICILIO

PONTEAREAS 986 66 13 90
986 66 13 89
A GUARDA 986 61 43 61

REPSOL

CONDADO / PARADANTA

PONTEAREAS



O IES do Barral e a Concellería de Ensino presentaron o proxecto “Camiños Escolares”

No proxecto tamén participou o CEIP Ramiro Sabell que presentará a súa obra para o vindeiro curso escolar

Os salón de plenos do Concello de Ponteareas converteuse por unhas horas nun estudo de arquitectura e enxeñaría industrial no que os alumnos do IES do Barral desplegaron maquetas, planos, gráficos, ideas e, sobre todo, moita enerxía.

Estaban a pór enriba da mesa presidencial o seu proxecto “Camiños Escolares” que presentarán á I Bial de Arquitectura Xuvenil (LUDANTIA). Acompañados polo Alcalde de Ponteareas, polo director do seu centro, pola Concelleira de Ensino e polo director do CEIP Ramiro Sabell que tamén participou no proxecto, os escolares trasladaron ao goberno de Ponteareas os deseños e as obras necesarias para contar cun camiño que conecte os dous centros escolares co centro da vila e poder así, asistir ás clases en bicicleta ou mesmo a pé disfrutando dunha paisaxe natural.

Atenta dende o público, a Tenente de Alcalde e Concelleira de Vías e Obras, tomaba nota de todo o que estes enxeñeiros precoces estaban a prantexar.

Un grupo de trinta alumnos de entre primeiro de secundaria ata primeiro de bacharelato do IES do Barral e un grupo de cincuenta alumnos de cuarto de primaria do CEIP Ramiro Sabell traballaron durante o curso percorrendo o sendeiro que vai por detrás do instituto, observando a vexetación, analizando as barreiras arquitectónicas, anotando os obstáculos e salientando todos os elementos que fan da zona o lugar ideal para chegar ao centro da vila. Como se fosen un gabinete profesional, nas súas reunións de traballo foron aportando po-

síbles solución ata configurar o que hoxe é a súa proposta para un camiño saudable, seguro e agradable.

“A Concellería de Ensino, unha vez convocada esta Bial, apostou dende o primeiro momento por esta iniciativa, convidando aos centros escolares de Ponteareas a participar na mesma, deseñando un camiño escolar, un espazo de lecer nos centros escolares ou rehabilitando un espazo público da vila nunha zona de recreo para a mocidade”, explica a Concelleira de Ensino Cristina Fernández.

Para levar adiante este proxecto era fundamental que as ideas, o traballo e o deseño foran do alumnado. E para conseguilo, a Concellería de Ensino puxo os medios para proporcionarlles asesoramento técnico a través dos profesionais da Arquitectura e da Arte, coa colaboración do Colexio Oficial de Arquitectos.

Tamén participará na mesma bial o CEIP Santiago de Oliveira que presentará a creación dun espazo de lecer no seu colexio.

O Alcalde de Ponteareas Xosé Represas, quixo agradecer o traballo e o esforzo realizado tanto por alumnos como polos profesores e as tres arquitectas que fixeron de asesoras, “este é un exemplo máis da participación cidadá, de facer de Ponteareas unha vila saudable, respetuosa co medio ambiente e no que se integren todos os veciños, un exemplo de que o traballo conxunto é sempre positivo. Facer de Ponteareas unha vila para os maiores e para os pequenos, un hábitat saudable que está na liña de tódalos esforzos que se integran nos nosos proxectos dos fondos FEDER”.

Ponteareas consegue un préstamo de 400.000€ sen xuros

A presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva, vén de asinar co alcalde de Ponteareas, Xosé Represas Giráldez, a concesión dun préstamo sen xuros de 400.000 €.

O Alcalde explicou que “con estes cargos frase fronte ao financiamento da rede de distribución térmica (350.000 €) e a compra dunha deshumectadora para a piscina (50.000 €)”.

Esta concesión facilítalle ao concello unha fonte de financiamento ao menor custe posible sen ningún tipo de xuros, comisións ou gastos doutro tipo.

En concreto, o concello de Ponteareas recibirá 400.000 €, préstamo que a vila amortizará en quince anos a razón de 26.666,67 euros anuais. Con

estas axudas a Deputación de Pontevedra permite que os concellos beneficiarios, os de menos de 50.000 habitantes, poidan afrontar a execución de distintos investimentos grazas a unha partida que no seu total ascende a 1.140.396,46 €.

Mentres que o anterior goberno concedía os préstamos e anticipos con intereses situados no 2%, o actual goberno decidiu suprimir os xuros co fin de contribuír a facilitar e mellorar a situación que están a vivir os concellos da provincia. Así mesmo, este ano adiantáronse as achegas a comezos de ano ao considerar que se trata dun instrumento máis da planificación de políticas públicas.

Vías e Obras mellora as beirarrúas do casco urbano e arredores

Nos últimos meses Vías e Obras desenvolve unha labor de revisión do estado das beirarrúas para arranxar os tramos que están en mal estado e repor os terrazos rotos ou levantados.

Nestes intres, están a cambiar o terrazo nas beirarrúas do entorno do supermercado Dia na N-120 e na entrada de Canedo.

A Concellería de Vías e Obras que dirixe a Tenente de Alcalde, Chus Garrrote, explica que estes traballos que se realizan desde hai meses seguirán a facerse ao longo do verán. Nos últimos meses arraxáronse beirarrúas na Avda Constitución, na Praza Bugallal, na rúa Oriente, na Praza Maior, na rúa dos Ferreiros, Fernández Vega e Reveriano Soutullo, entre outros tramos como os das rúas Calex, Esperanza, Santa Ana, Vázquez Fraile ou Castelao. Tamén fixeros ramplas de accesibilidade, dúas en Amado Garra, dúas en Virxe da Luz, unha en Senen Canido e outra na rúa Ferreiros.



Nestes días tamén se están a colocar reducidos de velocidade de goma en parroquias como a de Fozara e está previsto colocar un en Bugarín.

Ademais destas obras, Vías e Obras tamén está a realizar traballos nos distintos centros educativos.

Novo sistema de xestión na Biblioteca

A Biblioteca Pública Municipal e as axencias de lectura de Areas, Guíllade, Ribadetea e Xinzo, están iniciando o proceso de implantación do KOHA, un novo sistema de de xestión bibliotecaria.

Este proxecto, no que nesta fase se incorporan setenta bibliotecas de Galicia, ten un dobre obxectivo: por unha banda a creación dun catálogo colectivo e, por outra a creación dun carné

de lector único válido para todas as bibliotecas públicas. Estes obxectivos permiten a unificación de todos os servizos que se ofrecen, tales como actividades de animación á lectura para os máis cativos, relatorios, exposicións, acceso wifi, hemeroteca...

A rede de bibliotecas de Ponteareas conta cun catálogo de 40.000 libros entre os fondos de todas as bibliotecas.

PONTEAREAS

O Estudo de Mobilidade propón aumentar o 18% do espazo público de prioridade para o peón

A Deputación de Pontevedra deu a coñecer o Estudo de Mobilidade e proxecto de desenvolvemento de actuacións de mobilidade sostible en Ponteareas, que propón aumentar un 18 % o espazo público con prioridade peonil no concello do Condado. O documento, financiado pola institución provincial, pretende sentar as bases a curto, medio e longo prazo para acadar unha mobilidade máis humana no núcleo urbano da vila, polo que a maior parte dos eixos de intervención propostos pretenden fomentar os desprazamentos a pé e en bicicleta.

O responsable provincial asegurou que "este documento marca as potencialidades que Ponteareas pode desenvolver" e matizou que "é unha proposta que racha a tendencia anterior e pasa dun modelo orientado ao automóbil cara un modelo orientado aos peóns no que a mobilidade peonil é prioritaria no núcleo urbano". Neste sentido, o equipo técnico redactor do plan explicou que o primeiro dos eixos principais do Estudo de Mobilidade é establecer un modelo de prioridade peonil e ciclista, procurando alternativas ao uso do vehículo privado, mellorando e aumentando a superficie destinada ao peón polo menos nun 18 %.

Pola súa parte, o alcalde de Ponteareas, Xosé Represas, explicou "unha transformación así é posible porque as fortalezas de Ponteareas son máis notables que as súas debilidades: unha media de idade moi nova, unha densidade urbana propia de cidades de maior tamaño, un patrimonio inmaterial e natural de grande valor e, sobre todo, unha veciñanza activa e emprendedora. Ponteareas Hábitat Saudable é un proxecto vivo, aberto, flexible que servirá para marcar un novo horizonte a medio e longo prazo no que as persoas e a paisaxe natural sexan prioritarias e garantirá que as decisións do presente non hipotequen o futuro da veciñanza".

Dous accesos ao núcleo urbano

O segundo eixo de intervención do Estudo de Mobilidade pretende dar as claves para reducir o desprazamento de vehículos no núcleo e a porcentaxe de superficie destinada ao coche no espazo público, cuestión que



debe ir acompañada da introdución de transporte público. En concreto, formulase un modelo que diminúe o número de vehículos que circulan no núcleo urbano de Ponteareas e concretamente na área ambiental central –que abrangue casco vello e Perillana– que pasa pola redefinición das grandes vías de paso e acceso ao núcleo urbano (N-120, PO-254, PO-403, EP-4006 e EP-4001).

Os accesos á vila, así, quedarían limitados a dous, un situado na avenida Castelao (PO-403) a través da rúa Castiñeira e outro na avenida Galicia a través da rúa Vidales Tomé, e serían os únicos que poderían atravesar o centro de Ponteareas facilitándolles aos vehículos a saída cara o exterior da área ambiental central en diversos puntos, sempre con sentido único de circulación.

Esta racionalización da estrutura viaria de Ponteareas –terceiro dos Eixos de Intervención– incorpora os enlaces coas grandes vías territoriais e artella a comunicación entre os principais centros de actividade. Para garantir a visibilización desta transformación, propónse tamén a execución dun anel verde principal arredor do núcleo (poñendo en valor o regato da Venda e a senda do río Tea) e prográmase a construción doutro transversal a medio prazo, de tal xeito que se faga viable percorrer a vila a través dos percursos peonís que se formulan.

Estacionamentos públicos disuasorios

En canto ao estacionamento, o Estudo de Mobilidade, no seu obxectivo de racionalizar os sistemas existentes, propón diminuír a presenza de estacionamento en calzada no interior da área ambiental central, concentrando os vehículos no perímetro, nunha rede de estacio-

namentos públicos disuasorios.

Segundo os técnicos do estudo, a construción dun aparcadoiro na antiga fábrica de Granitos, no contorno do supermercado Froiz, ou nas marxes da avenida Castelao, contribuiría a evitar a entrada de vehículos mantendo un esquema semellante ao que sucede en datas sinaladas como a festa do Corpus. Cara ao Este da vila, sería conveniente manter o da avenida Rosalía de Castro así como programar axeitadamente os desenvolvementos nas áreas de reparto de Sarmiento. En calquera caso, aínda sendo conscientes da non necesidade dun maior número de prazas de aparcadoiros na área ambiental central de Ponteareas, de cara a unha maior dinamización do casco vello, os autores do estudo non descartan a posibilidade de introducir un novo aparcadoiro de titularidade pública no centro da vila na contorna da praza Maior. Por outra banda, para completar esta nova política de estacionamento o plan de mobilidade considera "imprescindible" a mellora do sistema de rotación de prazas para a totalidade da área ambiental central.

O documento final do Estudo de Mobilidade e Espazos foi elaborado logo dun proceso participativo no que se tiveron en conta as opinións da veciñanza e de diferentes sectores económicos e políticos por medio de reunións e enquisas. As necesidades formuladas nesa participación foron contrastadas cos datos de poboación, fluxos de tráfico rodado e peonil e con outros aspectos técnicos para dar lugar ás propostas.

Na presentación do estudo estiveron presentes o deputado provincial, Uxío Benítez, o alcalde de Ponteareas, Xosé Represas, e o responsable do estudo, o técnico Luciano González.

Ponteareas implanta software libre nos equipos informáticos municipais

A Concellería de Novas Tecnoloxías estima en 36000 euros o aforro en licencias a Microsoft

A concellería de Novas Tecnoloxías, dirixida por Benito Márquez, tomou a decisión de implantar software libre naqueles servizos onde o software privado "non era mellor ca este".

Este software é totalmente libre e gratuito, fronte ao custe do software de Microsoft, onde os prezos varían dependendo das versións, que van dende os 200 aos 400 euros.

Este proceso afectou xa a máis do 85 % do parque de ordenadores da administración local. Nos próximas semanas levarase a cabo o cambio de software no Centro de Desenvolvemento Local, na Biblioteca Municipal e na Escola Infantil. Benito Márquez, edil de Novas Tecnoloxías, sinala que "con esta decisión estamos ofrecendo o mesmo servizo que antes pero sen ter que pagar a Microsoft

polas licencias, supondo un aforro considerable ao ano para o concello".

O Concello de Ponteareas utilizaba na actualidade software de Microsoft polo que había que pagar pola súa utilización, un gasto que rondaba os 36000 euros en 3-4 anos.

"Actualizar as licencias dos [] equipos cos que conta o Concello, a unha media de entre 200 e 300 euros, supuña un gasto considerable que agora podemos adicar a mellora dos equipos informáticos, que están bastante obsoletos".

Este proceso de migración foi levado a cabo polo Departamento de Informática, individualmente en cada equipo informático, é dicir, de PC en PC.

Benito Márquez agradeceu a tódolos traballadores a súa boa disposición ao novo software, destacando "que a maioría se adaptou bastante ben ao cambio". Pola súa parte, sinalou tamén que de ser necesario, faranse cursos formativos sobre o uso deste novo software para aqueles traballadores que o precisen e así o soliciten.

O Conservatorio contará coa primeira listaxe de persoal substituto para moitas categorías

O Concello de Ponteareas contará por primeira vez cunha listaxe de profesores substitutos para moitas categorías que poderán cubrir de inmediato as baixas que se produzan no conservatorio de música.

Este feito permitirá o correcto funcionamento da docencia no conservatorio e garantirá que os alumnos non teñan que perder clases mentres agardan á convocatoria de postos e posterior selección.

"Ata día de hoxe, o Concello de Ponteareas non contaba cunha listaxe de profesores substitutos, un feito que perjudicaba moito o bo desenvolvemento das clases ou do resto dos servizos xa que cada vez que se producía unha baixa

nos víamos obrigados a un proceso lento de convocatoria de persoal e posterior selección", explica Cristina Fernández.

Nestes intres a Concellería de Ensino, Participación Cidadá e Réxime Interior así como a de Persoal ten abertos diferentes procesos de contratación. Deste xeito na páxina web do Concello na pestaña "Oferta emprego público" os interesados poderán atopar os procesos abertos de contratación dun funcionario interino, as bases para a substitucións de funcionarios, para auxiliar da Policía Local, para profesor de música, peón grumir, condutor-palista, oficial de primeira de cociña, socorrista ou axudante de cociña.

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

A Banda de Música Xuvenil de Xinzo (BMXX), presentou a súa candidatura titulada "A música, factor de desenvolvemento socio-económico na comarca do Condado" aos VIII premios da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) convocados a través da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia.

Estes premios teñen como finalidade primar aquelas iniciativas que, no seo da comunidade autónoma de Galicia, contribúan de xeito singular á promoción do medio rural e á xeración dunha sociedade máis dinámica e cohesionada. A candidatura da BMXX diríxese á categoría de "proxectos realizados por mozos e/ou que teñan a ese colectivo como principal beneficiario" podendo optar a un premio de 15.000€, ao configurarse como unha Asociación Xuvenil que promove o desenvolvemento rural actuando como un axente socio-económico que vai máis alá do ámbito da educación e da cultura.

Esta Asociación Xuvenil realiza ininterrompidamente dende 1979 actividades relacionadas coa música orientadas á mocidade de toda a comarca do Condado. Conta cunha traxectoria de case trinta anos de fecunda actividade, facilitando o acceso aos estudos musicais da poboación máis nova con menos recursos económicos das zonas rurais do Condado, converténdose así nun activo axente social que impulsa á vitalidade, a promoción de valores e a oferta de servizos desta parroquia.

A BMXX conta dende 1998 con Escola de Música propia, a cal representa unha poderosa ferramenta de dinamismo social, educativo e económico ao servizo da poboación rural. Na actualidade, a Escola de Música de Xinzo conta con máis de 100 alumnos/as da maioría das poboacións da comarca do Con-

A Banda de Música Xuvenil de Xinzo presenta candidatura aos Premios AGADER

Conta co apoio da Xunta de Galicia, Deputación de Pontevedra e Concello de Ponteareas



Banda de Música Xuvenil de Xinzo tocando diante do Centro Cultural da parroquia.

dado, con idades comprendidas entre os 3 e os 25 anos, mantendo os veciños das parroquias limítrofes unha participación moi activa na vida sociocultural, económica e educativa de Xinzo.

Destacan tamén a súa labor de difusión dos valores da igualdade de xénero, cooperación e esforzo entre a mocidade. Dende a dirección da BMXX séguese a premisa de que o cadro de profesorado da súa Escola de Música sexa paritario. Ademais, tamén incentívase que os mozos e mozas que desexen iniciarse no estudo dalgún instru-

mento musical, o fagan en aqueles nos que a prevaleta de sexo sexa oposta. Destacar que a BMXX foi a primeira Banda de Música de carácter Xuvenil en Galicia que contou nas súas filas cunha muller tocando a tuba.

Ademais esta Asociación Xuvenil representa unha fonte de xeración de emprego dirixido á mocidade, actualmente contan cun cadro paritario de 8 profesores menores de 35 anos con titulación superior.

Nos últimos dous anos procederon dun xeito innovador dentro do seu eido, a regularización fiscal,

laboral e administrativa de toda a xestión da Asociación Xuvenil. Sendo a primeira Asociación Xuvenil do eido cultural en Galicia que procedeu a cometer todo este proceso de regularización o que significou, entre outras cousas, unha mellora na calidade e condicións laborais de todos os traballadores e traballadoras. Na actualidade o modelo de regularización seguido pola BMXX é un referente autonómico, copiándoo diferentes Bandas de Música Populares de Galicia que están iniciando este proceso de regularización.

Froito do bo traballo feito dende a súa fundación, a Banda de Música Xuvenil de Xinzo acadou diversos premios e recoñecementos a nivel municipal, provincial e autonómico, entre os que se destacan: 1º e 2º Premio no VIII Certame Galego Bandas de Música nos anos 2014 e 2012, 1º Premio no Certame Provincial de Bandas de Música nos anos 2009, 2011 e 2014, ou o Premio 2014 do Concello de Ponteareas pola súa contribución no eido cultural.

Así mesmo, no pasado mes de maio a Asemblea Xeral de dita Asociación Xuvenil acordou por unanimidade constituír unha fundación co obxectivo de potenciar economicamente á BMXX, tratando de buscar financiamento alternativo dende empresas privadas, co fin de que dita Asociación Xuvenil poda seguir crescendo. Este aspecto tamén destaca no eido innovador por ser a primeira Asociación Xuvenil en Galicia que constitúe a súa propia Fundación.

Constatando dun xeito destacado a contribución da BMXX á actividade económica da parroquia de Xinzo e de toda a comarca do Condado.

A BMXX edita o seu primeiro CD en 2010 con motivo do seu XX aniversario, e posteriormente no ano 2014 edita o seu último traballo discográfico con obras musicais inéditas do compositor Reveriano Soutullo de Ponteareas, un claro exemplo de como esta Asociación Xuvenil tamén promove a investigación e difusión do patrimonio cultural e artístico da comarca do Condado.

Esta Asociación Xuvenil conta cun gran apoio social, aglutinando a 500 socios e socias de toda a comarca do Condado. De igual forma, esta candidatura aos premios AGADER tamén conta con destacados apoios de diferentes perfís, social, político, musical, cultural, educativo, etc.



Comunidades, Colegios, oficinas
cristalerías, moquetas, abrillantado
de suelos, primeiras obras,
limpeza de fachadas

Rúa As Lavandeiras, 3 Baixo
36860 PONTEAREAS
Telf. y Fax: 986 661 052



Análises de Viño - Asesoramento Técnico
Productos Agrícolas, Enolóxicos e fitosanitarios

986 642 507

Rúa Ciclista Delio Rodríguez, 4 baixo
Ctra. de Salvaterra Ponteareas



CAFE-BAR
PIRI-PIRI
JAMONERIA

Especialidade en
xamón asado e
xamón serrano
Parada Auto Industrial

Progreso, 90 . A Cañiza . 986 652 332

PONTEAREAS

Creatividade solidaria para a construción dun pozo de auga

A última edición do proxecto “Flores para as Meninas” pon o peche final coa subasta das pezas

O esforzo dos alumnos e das alumnas dos centros educativos e sociais de Ponteareas viuse culminado esta fin de semana coa subasta das Meninas celebrada no local JJ Copas de Ponteareas dentro do proxecto “Flores para as Meninas”.

Apoiados polo Concello de Ponteareas, comerciantes, empresarios e distintos colectivos, que participaron neste acto solidario, a Asociación Dar Máis recadou o domingo 1225€ para a construción dun pozo de auga.

A presidenta de Dar Más, María

Anxeles Babarro, explicou que aínda que non son suficientes cartos para pagar a totalidade da obra, si é unha boa axuda. “A pesar de non acadar a cifra que cubra o total do custe da construción do pozo de auga si é unha grande axuda, motivo polo que nos gustaría agradecer a tódolos participantes a súa colaboración e apoio para algo tan necesario como o é un pozo que nos suministre auga para as nosas

tarefas cotidiás”.

No acto, que foi presentado por Xoán Carlos Ferreira, subastáronse 33 pezas das que destacou a puxa da Menina titulada “Considérate vello cando teñas máis lembranzas que soños” realizada polos alumnos e alumnas da Escola de Deseño Gráfico do Colexio Fogar. Unha obra atrezada con pezas de relojería que representa o paso do tempo e pola que pagaron 150€.

A segunda peza máis demandada foi a realizada polos alumnos e alumnas da ESO do CPR Plurilingüe Santiago Apóstol de Ponteareas, cun valor de 105€ e que representaba a unha menina actualizada con referencias aos comics manga de Xapón.

O Concello de Ponteareas liberou á Menina titulada “Diversidade” obra dos alumnos e das alumnas do CEIP Ramiro Sabell que pasa a formar parte da colección municipal.

A Concelleira de Ensino, Cristina Fernández, agradece a tódolos



Momentos da subasta na terraza do JJ e monecas a subasta

los que quixeron amosar o seu lado máis solidario contribuíndo non só a unha causa tan necesaria e urxente senón tamén a pre-

miar e valorar o esforzo e traballo realizado polos centros, alumnado e docentes, que confeccionaron estas obras de arte.

milfollas
LIBRERÍA • PRENSA • PAPELERÍA

Carballos, 10 - PONTEAREAS
Telf: 986 66 79 13

Fonte da Vila, 7 - SALVATERRA
Telf: 698 126 552

milfollas@mundo-r.com

Talleres Guiller Motor

Puzo-Lira, 24
36459 SALVATIERRA (Pontevedra)
Tel./Fax 986 66 15 41

Venta de vehículos usados

SPG
TALLERES

BODEGUILLA PULPERIA TAPERIA

BERCEO

Rosalía de Castro, 6
PONTEAREAS

Teléf. 986 660 826

Restaurante O'Rianxo

Algo diferente no Condado

Terraza de verano interior
Ctra. N-120
Vilasobroso - Mondariz
GALICIA - ESPAÑA
Telf.: +34 986 654 434

CAFETERÍA BAR GOLFIÑO

Encostada, 3
Guillade de Arriba . Ponteareas

ELECTRICIDAD IN. M. A. C. CONDADO.SL

Jorge Ferreira Bouzo
Instalador Autorizado PO-1503

- Instalacións e montaxes eléctricas en xeral
- Calefacción eléctrica
- Alumeados públicos
- Estudos e proxectos de aforro enerxético
- Servizo de averías e mantemento **24 Horas**

Tell. 986 65 82 07 Móviles 651 86 01 55 - 85 email: administracion@electricidadcondado.es
Polig. Ind. Chan da Ponte, Nave 1 - 36450 SALVATERRA DE MIÑO

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

Ponteareas logra financiación para crear o parque forestal da Picaraña

A subvención da Deputación tamén mellorará a área forestal de San Cibrán-Muños de Couso e o Plan do parque Viveiro-Seixiforna

A Deputación de Pontevedra ven de publicar ás solicitudes de subvención para a creación de Parques Forestais en terreos de montes veciñais en man común entre as que se atopan as solicitudes presentadas polo goberno municipal de Ponteareas por un importe total de 124.133,78, solicitudes que previsiblemente recibirán unha axuda de máis de 99.000 euros, o 80% do total, nesta primeira convocatoria de achegas da Deputación.

Esta actuación é consecuencia do compromiso do alcalde, Xosé Represas, e do concelleiro de Medio Rural, Manuel Troncoso, de converter a Picaraña nun gran parque forestal. Á financiación da Deputación o goberno local terá que sumar unha aportación do vinte por cento do importe total do primeiro plan de actuacións.

O Concello de Ponteareas xa dera no pasado ano, coa aprobación en Pleno dun convenio de colaboración as Comunidades de Montes Veciñais en Man Común de Ponteareas, Arcos, Bugarín e San Lourenzo de Oliveira, o primeiro paso para recuperar a Picaraña a nivel medioambiental, convertíndoo



nun lugar de referencia para o ocio e o esparcemento do ponteareáns, pondo en valor os elementos culturais e naturais dentro da oferta turística de Ponteareas.

O goberno local tamén prevé mellorar os espazos de lecer nas áreas forestais, en colaboración coas Comunidades de Montes, e neste sentido logrou tamén axuda da Deputación para mellorar a área forestal de San Cibrán-Muños de Couso, nos montes veciñais de Guláns e Couso, e para financiar o Plan do parque forestal Viveiro-Seixiforna nos montes veciñais de Ribadetea e Xinzo

Represas manifestou que estas iniciativas irá en beneficio de todos, "dos veciños destas parroquias e tamén da

veciñanza en xeral" e que nos vindeiros anos tratará de incorporar outros espazos de parques forestais nas diferentes comunidades de montes.

A Picaraña

Na actualidade a Picaraña dispón de dúas rutas de sendeirismo homologadas, varias pistas de descenso de BTT, varias áreas recreativas así como elementos de atractivo turístico como a Pedra do Equilibrio e, nas proximidades, o Penedo dos Namorados, ademais de varios xacementos castrexos. Algunhas comunidades como a de Arcos teñen proxectos xa elaborados para actuacións arqueolóxicas, creación dunha senda micolóxica ou a habilitación dunha zona de escalada

O PP denuncia o afán recadatorio das multas

“O goberno de Ponteareas, segundo o informe de liquidación do ano 2016, recauda e sanciona un 75% máis do previsto nos orzamentos”, criticou o portavoz popular.

Co peche das contas do ano 2016 aflorou para coñecemento de todos os grupos da oposición que dos 70.000€ previstos polo Goberno tripartito de sancións de tráfico, ó final resultou que a recaudación foi moi superior.

A Concelleira socialista, Vanesa Fernández, titular da área de tráfico demostra un gran afán recadatorio á hora de impor sancións ós cidadáns, manifesta o grupo popular, destacando os 122.690€ recadados no ano 2016 importe bastante por enriba do que estaba previsto inicialmente.

Estos datos son totalmente contrarios ós obxetivos que o Goberno tripartito acordaba ó principio da súa lexislatura, documento onde na “área de tráfico e seguridade cidadá” dicían que ían “mellorar a relación dos veciños/as cos axentes encargados do tráfico”, cuestión que tras coñecer estes datos queda demostrado que non se cumpre ó superar nun 75% o que se pretendía recadar, e o único



que prevalece neste caso é o interese de encher as arcas municipais a costa de sancionar ós veciños.

Os populares denuncian tamén que esta recaudación non sexa investida en melloras nos salarios dos axentes de Policía e en aumentar a plantilla dos mesmos que é moi excasa para prestar un servizo de 24 horas, aínda a pesares da contratación puntual de auxiliares de policía durante os meses de verán, que non resolve a problemática da policía en Ponteareas, porque estes traballadores só poden contratarse por uns poucos meses e non son policías de academia co cal non desempeñan moitas das funcións propias dun axente.

Os populares dín ademais que do mesmo xeito que fai uns meses a concelleira de tráfico xustificou e defendeu a contratación dun Inspector de Policía cun soldo de 48.000€ ó ano, tamén debería defender a mellora salarial dos axentes que na actualidade forman a plantilla.

www.novasdoeixoatlántico.com

O noso Eido
taberna

Especialidades en: Angulas e lampreias, Peixes do Río, Chocos a Branda, Bacalao e Kikos a brasa.

RESERVAS: Ana 651 040 534 Coke 646 424 968
Telf. 986 658 313 Rúa da Fraga, 5 SALVATERRA DE MIÑO (PO)

Casa Eligio
RESTAURANTE

Tel.: 986 651 047
C/ del Carmen, 2 - A Cañiza

EMILIO
seguros

DECESES • HOGAR • JUBILACIÓN • AHORRO • ACCIDENTES, ENFERMEDAD
VIDA • COMERCIO • PYMES • COMUNIDADES • R. CIVIL • AUTÓNOMOS • Etc...

telf. información: 609 544 351

A Deputación traballa no soterramento das liñas eléctricas e de teléfono no contorno do santuario da Franqueira

A Deputación de Pontevedra está a traballar xa na mellora do contorno do santuario da Franqueira na Cañiza. Nos últimos días, logo de finalizar as catas arqueolóxicas esixidas por Patrimonio, os operarios da empresa Naron S. L., comezaron a levantar os pavimentos das beirarrúas e iniciaron os traballos para soterrar as liñas eléctricas e de telefonía para que, de cara á romaría do 9 de setembro, as obras estean totalmente finalizadas e o contorno do santuario poida lucir a súa nova imaxe.

Nos vindeiros días continuarase coa demolición dos elementos asfálticos e, unha vez feitas as canalizacións de liñas, instalárase o novo pavimento na rúa principal anexa ao santuario, de pedra de san Martiño e cantos rodados –en



cores negra, marrón e branca que se dispoñerán facendo círculos e creando un espazo singular. Tamén se realizará o baleirado das neveiras e o seu acondicionamento, así como o seu valado exterior por se-

guridade con madeira tratada (xa que teñen unha profundidade de polo menos 5 metros). Tamén se instalará o novo pavimento –que agora está en terra– do cemiterio vello.

Arbo modifica a ordenanza do imposto de construción, instalacións e obras

Obxectivo principal desta nova ordenanza é dinamizar a iniciativa particular para activar a economía local a través dos sectores da construción dándolle un incentivo a aquelas que rehabiliten e conserven as edificacións dignas de protección, revalorizando o noso patrimonio, e polo tanto, a nosa vila. Preténdese crear un escena-

rio no que o Parque Empresarial sexa atractivo aos investimentos locais e foráneos, para que se establezan industrias que xeren riqueza e postos de traballo, establecendo unha bonificación de ata o 95% sobre a licenza de obra, sempre que contraten traballadores que estean anotados na Oficina de Emprego.

Pretendemos facilitar unha

vida máis sinxela ás persoas con discapacidade, bonificando co 90% da licenza, a adecuación de vivendas coa eliminación de barreiras arquitectónicas.

Se suprime, aproveitando a modificación da Lei de Ordenación Urbanística, a esixencia de licenza municipal para as obras menores, sendo suficiente unha comunicación previa.

Reparado o muro do campo de fútbol de Arbo

O Concello de Arbo acaba de rematar as obras de arranxo do muro do Campo de Fútbol de Arbo.

Durante o temporal que tivo lugar neste Concello hai uns meses, o muro do recinto do campo de fútbol, a causa das fortes choivas e vento, derrumbose deixando unha parte do recinto sen protección e con acceso o citado campo, sendo ademais un perigo para os nenos e nenas que frecuentemente realizan actividades nesas instalacións deportivas.

As obras de mellora consisti-



ron en construción de novo tabique, conservando a altura e o deseño que tiña anteriormente. O Orzamento das obras ascenden a un importe de preto 7000 euros, e foron realizadas por unha empresa do Concello de Arbo.

ARBO ROCK

29 XULLO 2017

PARKING DISCOTECA NASYRA (ARBO)
APERTURA DE PORTAS 21:00

BOIKOT OBÚS PARDAOS

TRIBUTO HOMENAJE A LOS SUAVES

ENTRADA ANTICIPADA 10€ EN TAQUILLA 15€
+ GASTOS DISTRIBUCION

ACAMPADA GRATUITA

PATROCINA

San Miguel

PUNTOS DE VENTA ANTICIPADA: WWW.NOTIKUMI.COM RIBADAVIA: BAR REBUS

ARBO: O BARACHAS · LIBRERÍA CAPRICHOS · LIBRERÍA ARCO IRIS

PONTEAREAS: OVELLA NEGRA VIGO: TIENDA ELEPE A CAÑIZA: R. CASA ELIGIO

OURENSE: MOTORCYCLES SHOP SALVATERRA: TALLERES MINGOS PEUGEOT

COLABORAN

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

SISVEN PVC

Xirela

Nolotira

Dirucho

Concello de Arbo

forjados
hinos.duran s.l.

ISO 9001
BUREAU VERITAS
Certification

Teléf. 986 648 150
Fax: 986 648 030
e-mail: duran@forjadosduran.com
http: www.forjadosduran.com

Fábrica y Oficinas:
Santiago de Ribarteme, 1
36447 AS NEVES (Pontevedra)

kidea

agasallos personalizados

Telf. 986 659 430
Rúa Rosalía de Castro, 107
SALVATERRA DE MIÑO

Abzi

PUBLICIDAD

arte na publicidade

CONDADO/PARADANTA

XXXIX FESTAS PATRONAIS E DO CHURRASCO COVELO 2017

XULLO

Sábado 8
20:30 h. OBRA DE TEATRO "O IMPORTANTE É TER SAÚDE" Compañía "A Pena do Equilibrio", no Auditorio Municipal.

Sábado 15
17:00 h. I TROFEO AGILITY CONCELLO DE COVELO. Inicio. Campo de Fútbol de Covelo.

Domingo 16
04:00 h. TROFEO AGILITY CONCELLO DE COVELO. Remate. Campo de Fútbol de Covelo.

Venres 21
20:30 h. DIVERMAXIA, có Mago Paco. No Auditorio Municipal.

Sábado 22
20:30 h. VI RASTREXO INFANTIL COVELO (de 5 a 14 anos) na Praza do Mestre Cerviño.

Luns 24
20:30 h. FESTA INFANTIL con xogos e animación na Praza do Mestre Cerviño.
23:00 h. FESTA E ENTROIDO DE VERÁN GRUPO RITMO · DJ CHARLIE · DJ OSCAR ARIAS

Martes 25
12:00 h. MISA SOLEMNE EN HONOR A SANTIAGO APÓSTOLO CON PROCESIÓN
Acompañada pola Banda de Música Municipal de Mondariz. Triduo en honor a Santiago Apóstolo os días 22, 23 e 24 na Igrexa de Covelo.
17:00 h. GRAN CHURRASCADA no Campo da Feira. Prato de barro, carne de porco e tenreira, chourizo, pementos, pan e viño por só 6 €. Actuación do Grupo Talismán e a 76 Discoteca Móvil.

Sábado 29
20:30 h. VI EDICIÓN DE CONCURSO DE POSTRES, FOTOGRAFÍA E DEBUXO
Actuación de "As Pandereteiras Serra do Suido" e o grupo de gaiteiros "Cinco nun Coche", na Praza do Mestre Cerviño.

AGOSTO

Sábado 5
20:30 h. FESTA DA BICICLETA. Con agasallos para todos os participantes na Praza do Mestre Cerviño.

Do 1 ao 6
Na tarde TORNEO DE FUTBOL SALA no Pavillón de Deportes de Covelo.

25 de Xullo ás 17h.
GRAN CHURRASCADA
Prato de Barro, Churrasco, pementos, pan e viño
Prezo: 6 euros
Actuación del Grupo Talismán e a 76 Discoteca Móvil

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

www.concellodocovelo.es

O Coro Cantemos de Salvaterra de Miño actuou en Praga

O xoves 13 de xullo, o coro Cantemos de Salvaterra de Miño, emprendeu viaxe cara á capital da República Checa, Praga, para participar nun festival internacional de corais.

Despois de realizar dous concertos de 30 minutos cada un, na igrexa de San Nicolas e de San Salvador, clausurouse o festival

cantando xuntos os 20 coros participantes de toda Europa e China, o Hallelujah de Leonard Cohen, What a wonderful word de Bob Thile, Kacena Divoka de Die Wildente, e Siyahamba, dirixida pola súa directora Esperanza Mara Filgueira Rama. Os seus compoñentes e acompañantes gozan de Praga visitando os seus preciosos lugares.



GALERIA DE HERNÁNDEZ

I Gala Pequenos Grandes Artistas no Pavillón de Arbo. Amosaron o seu talento nenos e nenas que desenvolven algunha disciplina artística ou deportiva nesta vila: a Banda Infantil de Arbo, Escola de Patinaxe, Escola de Fútbol, Kunfú, Star Kinds de Equinos e manualidades.



1ª Carreira Nocturna "Vila do Corpus", proba de 6 horas, celebrouse o 15 de xullo nun circuito urbano en Ponteareas. Gañaron as respectivas categorías Marcos Groba Bargiela (Taninos), Marisol Gómez Chao (Esprinters Ourense), e por equipos o Bikila, Bikila Woman A e en mixto Lostregos Coia.



SALVATERRA DE MIÑO

A Fortaleza de Salvaterra de Miño, conta cunha ruta de paneis explicativos



As dúas portas de acceso principal ao interior do recinto amurallado, a Igrexa de San Lourenzo e o insigne Castelo de Dona Urraca contan, xa mesmo, con diferentes rótulos que recollen a través de fotografías, planos e pequenos textos, cales son os aspectos histórico-artísticos que o visitante non debería ignorar na súa visita á Praza Forte do municipio.

Construída no século XVII, a Fortaleza de Salvaterra de Miño, consta de catro baluartes e dous semibaluartes unidos por cortinas de muros rectangulares, alzándose altivo coma un imponente conxunto defensivo fronteirizo.

Asemade, o Castelo de Dona Urraca, que conserva parte da súa

estrutura medieval orixinal, segue sendo un dos edificios máis representativos de toda a comarca. No seu interior, aínda se pode contemplar unha curiosísima escaleira de caracol de dobre rampla, exemplar único no país.

A Igrexa de San Lourenzo, sería obxecto de diversas modificacións dende a súa orixe no século XIII, momento no que foi ideada como simple capela militar.

Este circuíto cultural, cérrase coa visita á antiga “Casa do Conde”, antiga zona residencial dos gobernadores da Fortaleza.

A través deste percorrido de carteis ilustrativos, o visitante poderá achegarse á riqueza arquitectónica e histórica da que goza esta “Vila Milenaria”.

Entrega de Premios da Educación



O mércores 5 de xullo entregábanse os ‘Premios de Educación do Concello de Salvaterra de Miño’ que repartiron 14 lotes informáticos compostos por unha ‘Tablet Samsung Galaxy’, funda, Powebank e tarxeta de memoria de 32 GB, para os nenos e nenas de primaria (CEIP Infante Felipe, CEIP de Leirado e CEP Carlos Ca-

sares), ESO e Ciclo de Caldeirería e Soldadura.

Ademais repartiron tres bolsas de estudos para os mellores expedientes de 2º de Bacharelato, que consistirán nunha viaxe a Reino Unido co obxecto de perfeccionar a lingua inglesa, acadadas este ano por Xaquín Alves González, José Iglesias Moure e Aida Landqvist Souto.

Exposición: “Trazos y letras”: do día 1 ao 30

Os sábados, domingos e festivos de xullo de 11:00h a 14:00h e de 16:00h a 20:00h. no Castelo de Dona Urraca, poderase visitar a exposición “trazos y letras” do artista plástico Marco Santos e a escritora Elena Ojea, unha interacción entre pintura e poesía. Trátase dunha colaboración onde se xoga a interpretar diferentes realidades sociais dende diferentes pero interrelacionadas expresións artísticas.

Marco Santos (Valença, Portugal, 1981) é un artista plás-

tico autodidacta cheo de inquietudes, cualidades que forman a un artista en continua evolución, cun estilo único e inconfundible que xa participou en numerosas exposicións en España, Portugal e Reino Unido, cun claro obxectivo, expresar as súas opinións a través da arte.

Elena Ojea (Mondariz, 1980), escritora novel acaba de publicar o seu primeiro poemario “vida controvertida”, con poemas de carácter social, que pretenden sacar á luz diferentes



realidades sociais que non nos son estrañas a ningún.



CONDADO / PARADANTA

SALVATERRA DE MIÑO

A II Carreira Ribeira do Tea unirá Salvaterra e Ponteareas

A segunda edición da Carreira Ribeira do Tea unirá a Salvaterra de Miño con Ponteareas, o próximo domingo 30 de xullo a partir das 10:00h.

Unha das novidades que este ano terá esta proba deportiva, é que os máis cativos terán un circuito propio, tanto a categoría infantil como xuvenil, de 2 km de percorrido con saída e chegada no Recinto Amurallado (Murallas -Paseo -Final Parque -Paseo -Murallas), ademais da carreira absoluta e de veteranos cun percorrido de 16 km. A Proba está limitada a un máximo de 200 participantes.

A carreira discorre a carón do río Tea o que permite aos participantes gozar dunha increíble paisaxe natural e fresca.

Os organizadores sinalaron a súa intención de que esta carreira "se converta nunha cita obrigada dentro do calendario de eventos deportivos e que se dea a coñecer nos dous concellos que percorremos".

Mentres que para as categorías infantil e xuvenil haberá un percorrido de 2 km, para as categorías absoluta e veteranos serán 16 km.

Haberá un servizo de autobús dende Ponteareas (no Pavillón Municipal de Deportes Álvaro Pino) con saída ás 9 horas que os levará ata o lugar da saída da proba en Salvaterra de Miño.

A recollida de dorsais terá lugar o sábado 29 de xullo de 16 h a 17:30 h no Pavillón Álvaro Pino de Ponteareas e o domingo 30 de xullo de 9 h a 9:50 h na Fortaleza de Salvaterra de Miño.

O concelleiro de Deportes anima a tódolos veciños e veciñas a participar e incluso a participar en familia xa que este ano os máis pequenos terán o seu propio circuito.

A inscrición pódese facer na páxina web www.championchipnorte.com e para obter máis información deberán dirixirse á páxina web www.caminhantesdocondado.es



Aberto o prazo para as axudas de 75€ para libros

O Concello de Salvaterra de Miño aprobou en Xunta de Goberno Local as bases e a convocatoria específica de concesión de axudas económicas de 75,00€ destinadas á adquisición de libros e material escolar de cara ao próximo curso 2017-2018.

O prazo para a presentación das solicitudes será do 11 xullo ao 11 agosto, ambos inclusive. Os interesados en solicitar esta axuda económica deberán presentar as solicitudes xunto coa documentación esixida polo Departamento de Servizos Sociais, os martes ou xoves, nese mesmo departamento, de 08.00 a 14.00 horas.

É necesario aportar xunto coa solicitude o DNI ou NIE dos membros da unidade familiar, o libro de familia e xustificantes dos ingresos da unidade familiar do ano en curso. Os interesados terán que achegar o recibo de aluguer ou o certificado bancario en caso de estar pagando unha hipoteca da súa vivenda habitual. Ademais, é necesaria unha copia da declaración de renda e sentença e convenio regulador en caso de divorcio.

Para máis información contacte co Departamento de Servizos Sociais, todos os interesados@s poden consultar as bases e descargar o modelo de solicitude na páxina www.concellodesalvaterra.com.

XVI Mostra de Teatro afeccionado en Fornelos da Ribeira

Organizado pola A.C. Solpor, un ano máis na "Carballeira das Fraguíñas, érguese o pano para disfrutar do teatro non profesional, pero con calidade e cariño na súa feitura. Os días 21, 22 e 23 deste mes de xullo, en torno as

22:45h, as cadeiras de madeira voltarán a desplegarse para, por uns instantes, viaxar co maxín aos lugares e situacións, algunhas dramaticas e outras humorísticas, coas que os grupos teatrais de O carballiño, Baio-Zas e Matamá nos entreterán.

Venres 21 ás 22:45h.: Teatro Tiruleque (O Carballiño), "Media de callos"

Sábado 22 ás 22:45h.: Teatro Badius (Baio-Zas), "Frankenstein"

Domingo 23 ás 21h.: Ksiloco teatro infantil (Vigo), "A sombra do circo" e ás 22:45h. Teatro Atlántida (Matamá-Vigo), "Falando de cartos"



Tlf.: 986 65 80 18
Fax: 986 65 82 69
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros
Salvaterra de Miño

Aridos do Mendo, s.l.



Aridos e Formigóns

AS NEVES

Recepción das estrelas do deporte nas Neves

Brais Alves, David Durán, Ángela Soto, Lucía Rodríguez e Basilio Porto; cinco neveses cunha longa traxectoria no bádminton que acadaron un total de oito campionatos de España entre 2008 e 2017, foron recibidos na Casa do Concello.

Na recepción tamén es-tivo Verónica Bastos; unha nevesa de adopción, que tras coñecer que padecía escoliose, decidiu recorrer ao deporte para frear as lesións que esta doenza lle provocaba. Foi no 2011, cando comezou a practicar o Bikini Fitness, a categoría máis comercial dentro do fitness, na que se busca achegar este deporte á xente de a pé, con corpos moito mais accesibles e no que a excesiva definición muscular está penalizada. Dende 2012, ano no que comezou a competir, obtivo xa un total de 12 títulos a nivel galego, estatal e, mesmo, internacional.

O acto tivo lugar o pasado martes catro de xullo, cando o alcalde, Xosé Manuel Rodríguez,



Autoridades e deportistas na entrada da Casa do Concello de As Neves.

e o concelleiro de deportes, Óscar González, lles deron a benvinda a estes neveses e nevesas do mundo do deporte. Trala foto inicial nas escaleiras da entrada do edificio, tivo lugar unha xuntanza no salón de plenos, na que os responsábeis políticos, ademais de darlles os parabéns polas súas brillantes traxectorias, aproveitaron para escoitar as demandas deste grupo de deportistas de elite.

Detalle do palmarés dos deportistas:

Brais Alves Estévez

Campión de España sub-13 en individual masculino. Oviedo 2008.
Campión de España sub-19 en dobres masculino. Ponteareas 2014.

David Durán Vázquez

Campión de España sub-19 en dobres masculino. Huelva 2008.
Ángela Soto Martínez

Campioa de España sub-19 en individual feminino. A Coruña 2011.

Lucía Rodríguez García

Campioa de España sub-11 en individual feminino. Ponteareas 2015.
Campioa de España sub-13 en individual feminino e en dobres mixtos. Granada 2017.

Basilio Porto Táboas

Campión de España sub-13 en dobres mixtos. Granada 2017.

Verónica Bastos

Subcampioa no campionato Galego. 2012.
Terceira clasificada no campionato Norte de España. 2012.
Subcampioa no campionato Galego. 2014.
Premio a mellor posadora no campionato Galego. 2014.
Campioa Absoluta no campionato Galego. 2015.
Premio mellor posadora no campionato Galego. 2015.
Terceira clasificada no campionato Norte de España. 2015.
Cuarta clasificada Open Wolf Nutrition. 2016.
Terceira clasificada Norte de España. 2016.
Segunda clasificada no Open Nacional Muscelpower . 2017.
Campioa Absoluta na Copa de España . 2017.
Cuarta clasificada Olympia Amateur . Marbella (Internacional). 2017.

Cincuenta persoas participaron na xornada de sendeirismo da Ruta do Viño Rías Baixas

Cincuenta persoas participaron onte na xornada de sendeirismo organizada pola Ruta do Viño Rías Baixas, incluída dentro do Club de Produto das Rutas del Vino de España, no municipio das Neves. A actividade incluíuse dentro do amplo programa da XII Festa do Tinto Rías Baixas celebrada neste municipio.

A xornada comezou cunha visita a Señorío de Rubiós, onde se explicou aos visitantes o proceso de elaboración dos distintos viños da Denominación de Orixe Rías Baixas que elaboran nesta adega asociada á Ruta do Viño Rías Baixas. Desde este punto comezou o percorrido, duns oito quilómetros e dificultade baixa, que pasou por miradoiros muíños restaurados e os viñedos da subzona de Condado do Tea.

A ruta concluíu na adega asociada Viña



Nora. Os asistentes realizaron un percorrido polas instalacións para finalizar cunha cata comentada de viños.

A continuación, o medio centenar de asistentes foi trasladado ao recinto onde se celebraba a xornada grande da XII Festa do Tinto Rías Baixas das Neves. Alí gozaron dun animado aperitivo maridado cos viños elaborados polas adegas asociadas á Ruta do Viño Rías Baixas e localizadas neste municipio.

SANTA MARTA
DE RIBARTEME - AS NEVES
SOLEMNES FUNCIONES RELIGIOSAS
Los días 28, 29 y 30 de Julio de 2017
La novena comenzará el día 19 de Julio y será a las 9,00 de la noche, excepto los festivos que será a las 11,00 de la mañana.

DIA 28
* Misa Solemne a las 12:00 con Procesión, acompañada por el
GRUPO DE GAITAS ALGAZARA DE CELEIROS

* Gran verbena con los grupos:
FAMA Y NIEVLA
DIA 29
* Desde las 7,30 de la mañana habrá Misas de hora en hora, hasta la una, siendo la Solemne a las 12 con Procesión. (A partir de las 10 misas en el exterior bajo carpa).
* A las 7 de la tarde habrá Misa Rezada.

LA ROMERÍA DE SANTA MARTA ES LA MÁS ANTIGUA DE LAS ROMERÍAS GALLEGAS. POR SU TIPISMO ÚNICA...POR SU PAISAJE INCOMPARABLE...POR SU FE CONSOLADORA.
* Actuarán las Bandas de Música:

LIRA DE RIBADAVIA y BANDA DE MÚSICA UNIÓN DE GULANES
* A partir de las 11 de la noche verbena acompañada por la ORQUESTA:
DIA 30: * Misa rezada a las 12 solemne con procesión acompañada por el
* Gran verbena con las orquestas:
SOLORA Y SAUDADE

NOTA: La subasta de puestos será el día 16 de Julio a las 10 de la mañana. Fecha en la que se cobrará el 100% de los mismos.
→ AMPLIO APARCAMIENTO ←

Cooperativa Condado Paradanta
QUEIXO E MEL DAS NEVES
Praza Maior, 8 - Tífs. 986 66 46 02
609 59 27 02 * 986 64 85 13
As Neves * Pontevedra
www.requesonmiele.es * e-mail: comercial@requesonmiele.es

LOURIÑA

O PORRIÑO

O alevín Hernán Sío, tres medallas e campión de España en aro

O alcalde accidental do Porriño, e concelleiro de Deportes, Manuel Carrera, xunto coa concelleira de Educación e Xuventude, Lourdes Moure, recibiu oficialmente no Concello, aos integrantes do Club Ximnasia Porriño, que este ano clasificouse por primeira vez para

o Campionato de España, e que ten entre os seus integrantes a Hernán Sío, de 9 anos, campión de España de Aro, subcampión con mans libres e medalla de bronce xeral na categoría alevín.

Manuel Carrera felicitou aos ximnastas pola súa “en-



trega, ilusión e capacidade” que, subliñou son os piares nos que se basea o “excelente” resultado que acadaron no pasado Campionato de España, e nas anteriores competicións nas que participaron.

De seguido, e logo de recibir un galano de mans dos concelleiros, os integrantes do Club Ximnasia Porriño coñeceron o Concello por dentro, dende o Salón de Plenos ate o despacho da alcaldesa e o famoso balcón que da á Praza do Arquitecto Antonio Palacios.



A Biblioteca do Porriño intégrase na Rede de Bibliotecas de Galicia

A Biblioteca Municipal do Porriño foi escollida pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia para integrarse na renovada Rede de Bibliotecas de Galicia baseada na plataforma Koha, un software libre de código aberto. Grazas aos novos cambios que se porán en marcha este verán, a biblioteca porriñesa poderá ofrecer ás súas usuarias e usuarios novos servizos e novas facilidades.

Este importante proxecto permitirá establecer un carné único de lector válido para todas as bibliotecas públicas desta rede, polo que os usuarios e usuarias da institución porriñesa pasarán automaticamente a poder usar os servizos de máis de 70 bibliotecas de toda Galicia cun único carné. Ademais, a Biblioteca do Porriño integrará a súa base de datos no catálogo colectivo da Rede, polo que os seus usuarios e usuarias poderán consultar e acceder nunha única páxina web a milleiros de novos recursos dispoñibles,



entre eles, á colección de libros electrónicos da plataforma dixital GaliciaLe. Ademais, poderase acceder a un espazo personal online para consultar históricos de préstamos, realizar reservas, renovacións e outras funcionalidades, e ampliarase o número máximo de préstamos dende os tres exemplares actuais a cinco.

Este novo impulso aos servizos bibliotecarios suporá un notable esforzo técnico e de mellora tecnolóxica, polo que a biblioteca aproveitará a menor

afluencia de visitantes no mes de agosto para levalos a cabo.

Deste xeito, dende o 7 de agosto ao 1 de setembro pechará en horario de tarde, permanecendo aberta polas mañás entre as 08:00 e as 14:00 de luns a venres. A biblioteca e o Concello do Porriño queren agradecer a todos os seus usuarios e usuarias a súa comprensión por este cambio puntual, motivado pola posta en marcha destes novos servizos e funcionalidades dos que poderán disfrutar xa a partir do mes de setembro.

Éxito da xornada sobre acceso ao emprego

Preto dun cento de persoas asistiron este venres a un ateigado Multicentro de Torneos no que celebrouse a xornada ‘Recursos para o acceso ao emprego’, organizada pola Concellería de Emprego e Formación, que dirixe Soledad Girón.

De 9 da mañá a 2 da tarde Eduardo Adán, director territorial de Nortempo en Galicia, falou de ‘Intermediarios de Emprego; Alejandro Martínez e Teresa Ventín, concelleiros de Eures, amosaron cómo é ‘Traballar en Europa’; Pablo Búa, titular do ‘blog’ ‘Escenario Laboral’, expuxo aos asistentes qué hai que facer para ‘Mellorar a túa marca persoal na búsqueda de emprego’ e Fernando Clemente, director de ‘Quick Up, desenvolveu o tema ‘Máis información, máis emprego’.

Ademais, deles, a concelleira

Soledad Girón, xunto con dous técnicos municipais, explicou, polo miúdo, o ‘Programa de Formación Municipal’ e presentou os recursos que ofrece a Concellería de Emprego para a busca de traballo e dos acordos de colaboración coas empresas da contorna para a execución de programas formativos.

O obxectivo: chegar á amosando as diferentes posibilidades e propostas para atopar emprego, conquisase e, ao tempo, os asistentes e tiveron a posibilidade de debater, escoitar e preguntar a axentes institucionais, profesionais e especialistas no mercado laboral que aportaron a súa visión sobre o acceso ao emprego e que puxeron a dispoñibilidade de ferramentas de utilidade para a toma de decisións relacionadas co eido laboral.



Convocado o Certame de Fotografía ‘Viaxando’ 2017

Un ano máis, Oficinas Municipais de Información Xuvenil (OMIX) DO Porriño, A Guarda, Gondomar, O Rosal, Tomiño, Salceda de Caselas, Baiona e o Espazo Xove de Tui, organizan o Certame de Fotografía Viaxando, que este ano chega a súa 11ª edición.

Este concurso está destinado a mozos e mozas de 12 a 35 anos, sendo a data límite de presentación das fotografías o 22 de setembro de 2017.

O tamaño das fotografías debe ser de 20x30 centímetros e a temática ten que ter relación co título do certame, “Via-



xando”. Este ano o premio para o gañador, ou gañadora, será unha tablet.

As persoas interesadas en participar poden obter máis información na OMIX do Porriño, no Centro Cultural Municipal, chamando ao teléfono 986337624 ou enviando un correo ao enderezo omix@oporrino.org.

O PORRIÑO

Obús e Astarot actuarán no Porrigalia

Obús, unha das lendas do 'heavy metal' en España, creada a principios da década dos 80 do século pasado, será a 'estrela' de Porrigalia 2017, que se celebra no Porriño do 21 ao 23 de xullo.

A banda, integrada polo cantante 'Fortu' Sánchez, o guitarrista Paco Laguna, o batería Carlos Mirat e o baixista Fernando

Montesinos, actuará o vindeiro sábado, día 22 de xullo, ás 23:30 horas, como anuncia xa na súa páxina web.

Outra das actuacións importantes desta edición será a de Astarot, o grupo galego 'heavy' que cumpre neste 2017 os seus primeiros 34 anos de vida, e que chegará a Porrigalia o venres, día 21 de xullo ás 22:45 h. no mesmo escenario que os 'Obús': na rúa Domingo Bueno.

O sábado, 22, marcará tamén o inicio do 'Xogos Olímpicos', que se disputarán ese día e o domingo día 23 e que nada teñen que ver cos do ano pasado. Nesta edición de Porrigalia os mesmos serán xogos populares nos que pode participar calquera persoa: tiro de corda, traga-bolas, cuadrigas,

tres en raia, canastra, tiro, esquis comunitarios e tiratacos.

Polo que se refire ás comparsas, estas serán un dos centros da edición de Porrigalia deste ano e dende o luns pasado, día 10, está inscrición das mesmas e das asociacións culturais e veciñais, que deben de estar integradas por un mínimo de 10 compoñentes para optar aos premios por participación. O devandito prazo estará remata o martes, 18 de xullo, e as inscricións poden facerse de luns a venres en horario de 2 a 6 e media da tarde.

A cantidade a repartir por premios acadará un orzamento máximo de 6.000€, sendo, pola participación de 200€ para comparsas de 10 a 19

compoñentes; 350€ se teñen de 20 a 39 integrantes; 600€, se a forman de 40 a 55 persoas, e 800€ se son de 56 a 80 membros. Os premios para as mellores serán de 2.000€ para a vencedora, de 1.500 para a segunda clasificada e de 500€, para a terceira.

Por último, o peche da edición de Porrigalia 2017 estará a cargo de Troula Animación e o seu impaciéntante espectáculo de 'errantes, o vindeiro día 23 de xullo de 9 e media a 11 da noite. No mesmo participarán 1 zancudo, mestre de cerimonias, o Orlok, os Power-Skip, 8 percusionistas, e dous portadores, que ofrecerán ao público unha impresionante cerimonia de música, fume, luces, lume e pirotecnia.



Mítico grupo heavy metal "Obús", que actuará o sábado 22 no Porriño

O Porriño é o concello de Galicia que máis aumentou a súa poboación no último ano

Dacordo cos datos publicados polo Instituto Nacional de Estatística (INE), a 1 de xaneiro de este ano o concello tiña 19.567 habitantes, 669 máis que o 1 de xaneiro de 2016 o que significa un incremento de poboación do 3,5%, moi por diante das outras cidades e vilas galegas que aumentaron o seu número de habitantes, coma Santiago – que ten 367 veciños máis- ou Ames, que ten 277 residentes novos.

O Porriño iniciou o ano con preto de 70 nacementos máis que mortes o cal, xunto coa chegada de novos veciños-a maioría procedentes doutos concellos de Galicia- fixo que superase no padrón de habitantes a Moaña, na provincia- e a Monforte e Boiro fora dela- e se achegue a A Estrada ou Lalín.

Grazas ao traballo realizado polos funcionarios municipais, o Instituto Nacional de Estadística xa admitirá a corrección do padrón de habitantes solicitada polo Concello en marzo do ano pasado,

de xeito que se incorporaron ao mesmo a 1.009 persoas. Daquela, o Goberno local adiantara a Instituto Nacional de Estatística que a recollida de información sobre as altas e baixas no empadramento non remataran e que, dacordo cos primeiros datos, a poboación total do Porriño superaría os 20.200 habitantes, polo cal agárdase a resposta do INE a unha nova solicitude de modificación do padrón que, no caso de admitirse, confirmaría oficialmente que o número de veciños da vila supera xa os 20.000.

Agora mesmo, os datos do INE sinalan que o maior aumento de poboación no concello produciuse entre os homes: en 2016 a poboación masculina aumentou en 345 persoas- de 9.296 a 9.641- algo que xa pasara en 2015-cando o incremento fora de 200-; tamén medrou a poboación feminina, que sigue sendo maioritaria no Porriño, pasando de 9.602 mulleres a 1 de xaneiro de 2015 a 9.926 a principios deste ano- o anterior pasou de 9.412 a 9.602-.



LOURIÑA

O PORRIÑO

A ANPA do CPI da Ribeira manifestanse no Parlamento de Galicia contra o peche das aulas de ESO

Integrantes da ANPA do CPI da Ribeira, encabezados pola súa presidenta, Cristina Rodríguez, acompañados pola concelleira de Educación, Lourdes Moure, desprazáronse este martes a Santiago para estar presentes no Parlamento de Galicia na intervención do conselleiro de Cultura, Educación y Ordenación Universitaria, Román Rodríguez, en relación co peche das aulas da ESO deste centro de Torneiros.

O conselleiro, maila aos argumentos expostos en contra do peche destas aulas- e das do CEIP Emilio Navasqués, de Outes, CPI Tomás de Lemos, de Ribadavia, e do CPI Monte Caxado, de As Pontes, nos que a Consellería de Educación decidiu tamén prescindir do Ensino Secundario- reafirmouse na súa determinación, o cal foi acollido polos representantes destes centros cunha concentración diante do Parlamento con berros a prol do Ensino Público e en contra desta decisión que, a seu xuízo, “prexudica ás alumnas e alumnos e vai en contra do traballo educativo que se viña facendo nestes colexios”.



Para a concelleira Lourdes Moure, esta decisión, “como xa expresara por maioría o Pleno do Concello do Porriño e moitos porriñeses nunha manifestación convocada pola Asociación de Nais e Pais de Alumnos, é un golpe con so para a educación pública, gratuíta e de calidade, senón, e moi importante, para a integración”.

Moure lembrou que o 35% dos estudantes do CPI da Ribeira son de etnia xitana, e que o centro contribuíu ao longo dos anos “á integración do colec-

tivo na vida e actividades do concello, á eliminación do absentismo escolar” ou a participación do alumnado, tanto nenas como nenos, nas actividades extra escolares, “que pasou do 3% en 2009 ao 80% este mesmo ano”.

A concelleira alertou de que o peche do curso da ESO do CPI Ribeira “suporá un retroceso no camiño que permitiu que as rapazas e rapaces de etnia xitana non so rematen Secundaria senón que segan cos seus estudos de Bacharelato”.

A 35 graos dentro do Centro de Saúde

O pasado 20 de xuño a Xerencia da Área Sanitaria de Vigo anunciaba que dotara ao Centro de Saúde do Porriño dun sistema de climatización que sublimaba, daba “resposta ás demandas de profesionais e usuarios, que nos meses de verán tiñan que soportar altas temperaturas, dadas as especiais características arquitectónicas deste edificio sanitario”.

Menos dun mes despois a realidade é que a devandita climatización non funciona, que nas consultas houbo que recuperar os antigos aparellos de refrixeración e que non hai ningún tipo de sistema que alivie a situación das persoas que están agardando para ser atendidas polos médicos.

Curiosamente, o propio Servizo de Saúde xa recoñecera que eses vellos equipos, “resultaran insuficientes” cando se colocaran dado que este inmovble, completamente acristalado, está moi exposto á luz solar, absorbendo e condensando o calor.

A situación é aínda máis lamentable tendo en conta que os devanditos equipos que teñen que usarse nas consultas polo fallo do sistema de climatiza-

ción, son uns aparellos portátiles que foran colocados por Sanidade en 2010, hai sete anos, mentres o centro segue sen ter, nas áreas de espera ou nos corredores nin sequera uns ventiladores que fagan máis soportable esta situación.

Este xoves, a temperatura nas salas de espera superaba nalgún intre os 35 graos e en algunha das consultas estaban preto dos 30, cando nos momentos centrais do día o termómetro marcaba na rúa 31 graos e para este venres agárdase que se achegue aos 34 dende o mediodía.

Este calor, que está a afectar, especialmente a os cativos e anciáns, é outra das graves deficiencias deste centro de saúde que atendeu so nos seis primeiros meses deste ano a máis de 100.000 persoas, veciñas do Porriño, de Salceda e de Mos que parecen non importar ao conselleiro de Sanidade que, maila ás promesas do Goberno de Galicia e do seu partido, segue sen querer afrontar as gravísimas deficiencias deste inmovble que, como poden comprobar centos de doentes cada día, non cumpre xa as condicións básicas para tratar aos enfermos.

A alcaldesa pide explicacións ao voceiro do PP polo seu posicionamento no pago a acreedores

O voceiro do Partido Popular do Porriño negouse a votar ‘sí’ no pasado Pleno municipal ao pago de facturas adebedadas polo Concello a acreedores- a maioría delas de época do Goberno local do PP- ao tempo que dende o seu despacho de avogado reclama xudicialmente ao Concello do Porriño o pago de varias delas.

A alcaldesa esixe a Carlos Martínez que explique aos veciños do Porriño “cómo pode negarse a votar a favor de desembolsar o que se debe a empresas e persoas que prestaron os seus servizos, mentres leva ao Concello ao xulgado para que si lle pague ás persoas que él representa”.

Eva García de la Torre lembra que dos 2,8 millóns de euros que

adebeda o Concello a distintos provedores, autónomos, empresas e PEMES, e que o Goberno local levou ao Pleno para que aprobara o seu pago, 1.550.000€ corresponden a compromisos que adquirirá dende o ano 2012 o anterior goberno do Partido Popular, do que, “Carlos Martínez, que négase agora a pagar estas débedas, formaba parte”.

Esas débedas abranguen obras realizadas durante os meses inmediatamente anteriores ás Eleccións Municipais de 2015, en especial as semanas de duración da campaña para as devanditas eleccións, aínda que tamén hai outras pola compra de cadros, organización de eventos e cursos, débedas por servizos telefónicos, subministro de com-

bustible, asesoramento xurídico, e un longo etcétera

Esta cantidade, 1.550.000€, que figura ademais nun apunte feito polo anterior interventor municipal, nomeado polo anterior alcalde, corresponde a centos de facturas que se devolveran por carecer dun contrato legal entre o Concello e as empresas que prestaron os seus servizos.

Mesmo hai un gasto duns 200.000€ en avogados por compromisos que adquirirá o Goberno local anterior cando Carlos Martínez era o concelleiro encargado de supervisar todos os temas xurídicos, cantidade que agora o Partido Popular, e o propio Carlos Martínez, négase a pagar.

Estos gastos, coma sinala o interventor nun informe, “non

poden ser imputados ao presuposto corrente por corresponder a exercicios anteriores ao actual e ser adquiridos indebidamente naqueles”, unha apreciación que reflicte a opinión do Ministerio de Facenda-ao fronte do cal está un membro do Partido Popular- que, nunha consulta feita polo Concello do Porriño en relación a estas facturas impagadas, sinala que as mesmas deben imputarse aos exercicios nos que se comprometera o gasto.

Como expuxo o secretario municipal, nunha intervención, excepcional, durante o Pleno, votar en contra do pago das débedas municipais con provedores sen ter unha xustificación cabal, supón deixar ao Concello coma moroso, “pufeiro, para entendernos”, o cal ten conse-

cuencias orzamentarias graves.

O secretario sinalou coma a máis importante delas o feito de que as arcas municipais teñan que facer fronte a intereses legais e custos, derivados dos xuízos que poidan interpoñer os acreedores-unha cantidade que a alcaldesa cifra no 30% da débeda total e que se achegaría, por tanto, aos 900.000€, máis o pago da débeda, por suposto-cantidade que debería ser asumida, por tanto, por todos os veciños.

Ademais, advertiu o secretario, os acreedores poden optar, ao mesmo tempo que demandan ao Concello, por ir contra o patrimonio persoal daqueles concelleiros que sen ter unha xustificación xusta decidisen votar en contra de pagar as cantidades que se adebedan.

O PORRIÑO

Felipe VI preside no Porriño os actos do 50 Aniversario de AIMEN

A súa Maxestade o Rey, Felipe VI, presidiu o acto conmemorativo do 50 aniversario de AIMEN Centro Tecnolóxico, que se celebrou o luns 17 no Centro de Aplicacións Láser de AIMEN no Porriño, ao que asistiron autoridades nacionais, autonómicas e locais, así como unha ampla representación do tecido industrial galego.

A súa Maxestade puido coñecer a traxectoria de AIMEN a través dun vídeo que repasou a historia do centro desde a súa fundación, en 1967, ata os nosos días; e realizou un percorrido polas vangardistas instalacións do seu Centro de Aplicacións Láser. Durante a visita, AIMEN mostrou o seu potencial en innovación mediante demostracións nalgúns dos campos nos que o Centro se ten situado como refe-

rente nacional: tecnoloxía láser, soldadura, automatización e robótica ou materiais avanzados. O Xefe do Estado coñeceu tres novos tipos de soldadura láser e un robot de asistencia para a recuperación da funcionalidade de doentes que teñen dano cerebral.

Durante a visita ás instalacións, A súa Maxestade o Rei estivo acompañado por Alberto Núñez Feijóo, presidente da

Xunta de Galicia; Fátima Báñez, ministra de Emprego e Seguridade Social; Miguel A. Santalices, presidente do Parlamento de Galicia; Santiago Villanueva, delegado do Goberno en Galicia; Francisco Conde, conselleiro de Economía, Emprego e Industria; Manuel Carrera, alcalde accidental do Porriño e directivos de AIMEN. Ao finalizar o acto, tivo lugar un cóctel no que os convidados tiveron a oportunidade de saudar á súa Maxestade o Rei.



Durante o acto, Fernando Vázquez, secretario xeral de AIMEN, repasou medio século de historia da entidade, desde os seus inicios, como laboratorio ao servizo da industria viguesa, ata a actualidade,

como centro tecnolóxico de referencia a nivel internacional e aliado da innovación nos sectores estratéxicos da economía galega. No seu discurso, puxo en valor a figura de Armando Priegue, un dos fundadores de AIMEN e o seu director durante máis de dúas décadas, que impulsou a actividade do Centro e o seu prestixio internacional, e falou dos principais retos de futuro de AIMEN, entre os que destacou o apoio ao empresariado galego para superar os desafíos tecnolóxicos que implica a adaptación á Industria 4.0.

O Rei viaxou de seguido a Vigo para almorzar no Círculo de Empresarios de Galicia que celebra os seus 25 anos de historia.



Aberto ao público o parque infantil do Cristo

Dende primeiros de xullo está aberto ao público o parque infantil do Cristo logo dunha reforma total do mesmo que abrangue a arranxo duns bambáns e substitución doutros, a retirada do chan de área e a colocación dun novo xogo adaptado a persoas con diversidade funcional, como adiantara o concelleiro de Parques e Xardíns, Orlando Márquez, hai unhas semanas.

En total, o Concello investiu neste proxecto, desenrolado por HPC Ibérica, un total de 34.000€, incorporando un novo chan de caucho continuo 'anti-im-

pacto', o devandito bambán para persoas con diversidade funcional- orzamentado en 4.000€- o peche do perímetro e a colocación de entradas 'anti-can'.

Orlando Márquez, que estivo acompañado por Israel Mercader, que como noutros traballos do Concello, asesorou neste proxecto sobre integración e accesibilidade, sinalou que nas vindeiras semanas empezará o labor para acondicionar tamén os parques do Centro Social de Atios, de Orbenlle, e A Forna, na parroquia de Budiño, os do centro social de Pontellas, o de Fontevella, na rúa Pío XII, ou o do Matadeiro, á beira do Louro.



O Porriño acomete a recuperación integral da Avenida Buenos Aires

A Concellería de Vías e Obras, dirixida por Manuel Carrera, leva a cabo na Avenida Buenos Aires unha recuperación integral da mesma coa reparación de beirarrúas, a construción dunha nova na entrada do popular 'escondidoño', na que anteriormente se fixera unha cesión para facilitar o seu ensanchamento, e a adaptación de todos os pasos desta avenida para mellorar a accesibilidade da mesma.

O concelleiro salienta que a obra, que rematarase no prazo de dous meses, está a cargo de traballadores

contratados grazas ao 'Plan Concellos 2017' da Deputación de Pontevedra, e agradece a importante colaboración neste proxecto de Israel Mercader, un "referente no Porriño na loita pola eliminación das barreiras arquitectónicas e a mellora da accesibilidade".

A mellora da avenida, explica Manuel Carrera, ten un orzamento, nesta primeira fase, de 20.000€, "que se asumen con fondos do propio Concello" e, engade, "cumpre coa solicitude de moitos veciños do Porriño que viñan reclamando, dende hai tempo, que se acometerán estas melloras".



LOURIÑA

SALCEDA DE CASELAS

Movemento Salceda: O PP non vai conseguir boicotear a construción do novo Centro de Saúde

O Goberno Municipal acusa ao Partido Popular de Salceda de boicotear o proceso de construción do novo Centro de Saúde, antepoñendo os seus intereses partidistas ás necesidades sanitarias dos veciños e veciñas de Salceda. A día de hoxe tódolos requerimentos recibidos no Concello por parte do SERGAS foron contestados, polo que non existe constancia de que sexa preciso aportar ningunha outra documentación para seguir adiante co proceso suscrito no convenio asinado polo Concello de Sanidade, Jesús Vázquez Almuiña e o Alcalde de Salceda, Marcos Besada Pérez, o pasado 26 de marzo de 2016.

As novas recibidas nos últimos días chegaron a través dos medios de comunicación, pero non se recibiu ningún novo requerimento no Concello. Sorprende que a nota de prensa non provenia da Consellería de Sanidade ou do SERGAS, senon do Gabinete de Prensa da Delegación da Xunta en Vigo e estea plagada de datos erróneos que máis ben fan pensar que detrás de todo existe unha estratexia de poñer excusas absurdas e ademais imposibles de cumprir, ao dictado dos intereses do Partido Popular de Salceda e do seu portavoz que están perxudicando gravemente



as necesidades sanitarias dos veciños e veciñas de Salceda e poñendo paus nas rodas á execución do Centro de Saúde comprometido no Convenio.

En vista de que no Concello non consta ningún requerimento oficial de nova documentación, nin comunicación por parte do SERGAS nin da Consellaría de Sanidade da existencia de problema algún, o Concello ven de solicitar a convocatoria da Comisión de Seguemento previsat na cláusula 7ª do Convenio asinado, seguindo os criterios de seriedade e respecto mútuo institucional, criterios que se seguiron ata o momento e que entendemos deben de rexir para o obxectivo

final, que non é outro que a construción do novo Centro de Saúde de Salceda para dar resposta ás demandas dun servizo sanitario público de calidade aos veciños e veciñas de Salceda.

Marcos Besada: "O PP de Salceda e o seu portavoz seguen intentando entorpecer por todos os medios ao seu alcance e á desesperada a construción do novo Centro de Saúde de Salceda, como ven facendo dende o 12 de maio de 2011, data da cesión ao SERGAS en Pleno da parcela de 3.001,56 m2 para a construción do Centro. Mal que lles pesenon van conseguir o seu obxectivo. O pobo de Salceda non llo vai permitir".

Salceda reformará a Aula de Fontán nas vacacións de verán

O Concello de Salceda ven de recibir da Deputación Provincial de Pontevedra a aprobación do proxecto de mellora da Aula Unitaria de Fontán pertencente ao CRA Raíña Aragonta, incluído no Plan Concellos 2017. Con esta resolución, o Concello aproveitará as vacacións de verán do colexio para proceder á realización das obras, por un importe de 26.545,64 €.

Con este proxecto dase solución a vellas demandas da comunidade educativa do CRA Raíña Aragonta. Por unha banda vaise proceder ao cambio de tellado mediante a substitución dos aplacados de fibrocemento existentes por un tellado de "panel sándwich" rematado en tella cerámica. O vello Tellado de uralita estaba a presentar constantes problemas de filtracións de auga que o Concello foi solventando ata poder

acometer a solución definitiva que agora chega.

Por outra banda, vaise proceder á instalación de equipos de climatización, posto que a aula funcionaba ata o de agora con radiadores eléctricos que en moitas ocasións nos meses máis duros do inverno estaban a resultar insuficientes. Conseguirase ademais un notable aforro enerxético co cambio de sistema, que ademais verá incrementada a súa eficacia coa mellora do illamento que vai supoñer o cambio de tellado.

Con estas melloras conseguirase unha aula en mellores condicións para o alumnado. Lembramos que se trata de unha aula que acolle conxuntamente aos nenos e nenas de 3,4 e 5 anos da parroquia de Parderrubias, nun modelo de ensino integrador que no caso de Salceda se mantén nas sete parroquias con uns moi bos resultados.



CONFITERIA
Regino

Especialidade en rosquillas e melindres

Nova gama de productos selectos:
Rocas de chocolate, Tarta de té,
Sublime de cacao, Tarta de frambuesa

Tartas personalizables
coa túa foto ou debuxos infantís
a partir de 2 kgs.

Rúa Reveriano Soutullo, Pontearreas

986 640 834

GALEGOS DE CORAZÓN

Galicia latexa con forza dentro de nós,
o 25 de xullo é o día de festexar
todo o que nos une.

25^{xullo}



ELIXE GALICIA.

BAIXO MIÑO

TOMIÑO / TUI

O Concello compra unha finca do Bispado en Goián para crear un parque que una o auditorio co centro da vila

O Concello de Tomiño vén de adquirir ao Bispado de Tui-Vigo, unha parte da finca da antiga Reitoral, que permitirá facer realidade unha vella aspiración do goberno local.

Trátase dunha carballreira duns 7.000 (sete mil) metros cadrados, situada entre a actual Escola de Música e a igrexa parroquial. Logo dun tempo de negociación, acadouse un acordo por importe de 50.000 euros, xa incluídos nos or-

zamentos deste ano.

A división da actual carballreira fíxose tendo en conta a orografía do terreo, deixando unha parte para a Reitoral. Para o acondicionamento e peche da futura zona verde destinaranse 200.000 euros procedentes do Plan Concellos da Deputación.

O acondicionamento da carballreira coma gran parque no centro urbano de Goián, é unha das actuacións previstas na "Modifica-

ción Nº 8 do PXOM relativa á configuración de espazos públicos e usos no núcleo urbano de Goián".

A obra permitirá a comunicación peonil entre a zona dos equipamentos (auditorio, escola de música, pavillón de deportes e Campo de Fútbol O Regatiño) e o centro do pobo. Ademais, o futuro parque servirá de zona verde de lecer e descanso para a veciñanza, especialmente, para os usuarios da Escola de Música, que o terían



xusto ao lado do edificio onde se imparten as clases.

A alcaldesa de Tomiño, Sandra González, manifestou a súa satisfacción polo acordo acadado co

Bispado, e agradeceu a vontade deste e do párroco de Goián, para contribuír a que este espazo verde tan céntrico, poida ser disfrutado por todos os veciños e veciñas.

Tui finaliza o expediente para a apertura da primeira fase da rúa Ourense



O equipo de goberno de Tui vén de rematar a tramitación do expediente de cara a apertura da primeira fase da rúa Ourense. Nos próximos días, tras a súa publicación nos boletíns oficiais, someterase a información pública durante un mes tempo no que se poderán presentar alegacións. De forma paralela dende o Concello remitiuse xa a notificación aos propietarios dos dous inmobles afectados que será preciso derrubar. Tras a resolución das alegacións que se poidan presentar o Concello de Tui levará a cabo o pago das expropiacións e se redactará a acta de ocupación previa á licitación da obra. A execución deste proxecto – prioritario para o goberno local – suporá o investimento de máis de 984 mil euros, para os que se habilitou crédito con cargo ao remanente de tesourería. Será a primeira vez en 25 anos que o Concello de Tui leve a cabo unha expropiación para a

execución dunha obra de interese xeral, logo das realizadas para a construción do Paseo Fluvial sendo alcalde Miguel Capón nos anos 90.

Esta primeira fase conectará a rúa Ourense dende a rúa Colón até a rúa O Rosal.

Para completar esta actuación o goberno municipal conta xa co proxecto da segunda fase da apertura da rúa Ourense que enlazaría a mesma coa Avenida da Concordia. No mesmo contéplase un vial de 160 metros de lonxitude por 21 metros de ancho, a expropiación de dúas vivendas situadas no enlace entre a rúa Ourense e a Avenida da Concordia, así coma dunha franxa da Finca Patazumba, onde amais será preciso trasladar o canizo existente. O orzamento total do proxecto desta segunda fase ascende a 1.042.225 € dos que 632.037€ corresponden a execución da obra e 410.188€ ás expropiacións.

Verán Cultural

Xullo

venres 7 **ICE AGE 5** CINE NA RUA Ice Age 5
Praza do Selo | 22:30h

venres 14 **MASCOTAS** CINE NA RUA Mascotas
Praza da Mina | 22:30h

sábado 15 **BARRANTES FOLK**
Sandra de... | Praza do Selo | 22:30h

venres 21 **KUNG FU PANDA 3** CINE NA RUA Kung Fu Panda 3
Praza do Selo | 22:30h

sábado 22 **XXIV ENCONTRO DOS POBOS**
Galego... | Praza do Selo | 21:00h

venres 28 **TROLLS** CINE NA RUA Trolls
Praza da Mina | 22:30h

sábado 29 **CONCERTO TREIXADURA** Vendima Tarda
Praza do Selo | 22:30h

Agosto

venres 11 **CONCERTO BLUES DO PAÍS**
Praza do Selo | 22:30h

sábado 12 **CONCERTO ACEVEDOS DELGADOS**
Praza do Selo | 22:30h

venres 25 **CONCERTO BANDA DE GOIÁN e Ana Lains** A outra margem do Miño
Praza do Selo | 22:30h

sábado 26 **CONCERTO ROOTS 4 CLARINETS**
Praza do Selo | 22:30h

EXPOSICIÓN CERÁMICA A terra transformada en arte
Praza do Selo | do 1 ao 15 de xullo

EXPOSICIÓN CERTAME PINTURA ANTONIO FERNÁNDEZ
Praza do Selo | do 20 ao 31 de agosto

Identidade aberta

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA Tomiño
• info: axuntomino.gal

TOMIÑO / O ROSAL

A Deputación aproba o convenio para a nova avenida que rodeará o núcleo urbano do Seixo en Tomiño

A Deputación de Pontevedra vén de aprobar en Xunta de Goberno o convenio dun dos proxectos máis ambiciosos do Plan de Actuacións 2017-2018 do departamento de Mobilidade provincial dirixido por Uxío Benítez: a construción dunha nova avenida que rodeará o núcleo urbano do Seixo en Tomiño, e que involucrará tanto á institución provincial como ao Concello de Tomiño e á Xunta de Galicia.

O obxecto do convenio, que se asinará nas vindeiras semanas, é a mellora da conexión entre a EP-3102 (Tomiño-Sabarís) e a estrada autonómica PO-344 mediante unha avenida que exercerá de variante ou rolda e que permitirá a mellora da mobilidade e integración urbanística do núcleo urbano. A intención é que, con esta vía de nova creación, o novo esquema de estradas permita derivar o tráfico que nestes momentos pasa polo núcleo da vila cara ao exterior, proporcionando unha mellora substancial da calidade urbana e da seguridade viaria, “aspectos que se consideran claves”, segundo asegura o deputado Uxío Benítez, e de maneira que tamén complementa a futura actuación autonómica no VAC Tui – A Guarda.

Segundo Benítez, a estrada provincial EP-3102 Tomiño-Sabarís e a estrada autonómica PO-344 conflúen ao seu paso polo núcleo urbano do Seixo, e a súa confluencia está a xerar un “grave problema de conexión de tránsito de vehículos en Tomiño”, cunha intensidade media diaria de vehículos no núcleo de entre 5.000 e 10.000 coches.

Pola súa banda, o Concello de Tomiño ten desenvolvido varias actuacións de transformación do espazo público co fin de crear un núcleo urbano de preferencia peonil se ben, neste sentido para mellorar a seguridade viaria considérase necesario calmar o tráfico tamén na estrada autonómica. Por outra banda, a Xunta de



Galicia ten aprobado o proxecto de vía de alta capacidade Tui-A Guarda que contempla un acceso ao núcleo de Tomiño que, se ben mellora a comunicación do mesmo, non resolve os problemas de tráfico antes expostos, o que obriga a un deseño global e conxunto da trama viaria que contemple todas as necesidades.

Así, o convenio aprobado permitirá unha solución a tres bandas: que o enlace no Seixo da futura VAC Tui – A Guarda se efectúe a través da nova avenida executada pola Deputación, pero coa implicación do goberno autonómico no financiamento das expropiacións dos terreos necesarios e coa posterior recepción por parte do Concello dun treito de aproximadamente un quilómetro da antiga estrada autonómica.

En canto ao orzamento, a execución desta actuacións estímase en 3.545.623,60, que se repartirán en 2.351.163,26 euros investidos pola Deputación provincial, 261.240,36 euros polo Concello de Tomiño, e 933.219,98 euros pola Xunta de Galicia en concepto de con-

tratos de servizo e expropiacións, a repartir en diferentes anualidades.

A Deputación de Pontevedra será a encargada de elaborar o documento técnico, da licitación unha vez recibida a declaración de Utilidade Pública, de levar a cabo a execución das obras unha vez tramitados pola AXI os procedementos de expropiación urxente e de financiar os gastos de redacción do proxecto, a execución da obra así como os contratos de servizo accesorios para a dirección control e seguimento da execución de obras. Pola súa banda, a Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, asume os compromisos de aprobación do proxecto de trazado, coa tramitación do decreto de Utilidade Pública; a tramitación da información pública e inicio do correspondente procedemento de expropiación urxente antes do 01 de xullo de 2017; a xestión e custo do capítulo de expropiacións, así como os contratos de servizo necesarios para a realización dos trámites.

O Rosal acolle o 30 de xullo a I Feira do Mirabel

O recentemente remodelado Mercado de San Miguel acolle o domingo 30 de xullo a primeira edición da Feira do Mirabel do Rosal.

Este evento de exaltación deste froito tan característico da zona do Rosal contará con diversas actividades coma venda de produtos típicos e actuacións musicais, andaina, xantar popular, concursos, degustación actividades para nenos. Organiza o Concello do Rosal

en colaboración coa Deputación de Pontevedra e Acor.



Festas Patronais

Do 20 ao 25 de xullo

O ROSAL

do Pilar 2017

DÍA 20
CINE AO AIRE LIBRE
"PERDIENDO EL NORTE"
Prezo do cine: 2,00 €
(en caso de lluvia cancelase para este día ou pospóndase ao domingo. Municipal de novo dende)

DÍA 21
TARDE DE XOGOS E BRINCOS
Festa da escuma, toro mecánico, taboas de surf, hinchables acuático e deslizante
Prezo do Colón: 2,00 €
Para todos os xogos

DÍA 22
BAILE MODERNO DA ESCOLA DE BAILE
"MARCANDO PASOS"
Prezo do Colón: 2,00 €

DÍA 24
I FESTIVAL XENTE XIDA con:
O Trebón dos Xidos
Tremelique | Tino Baz
Pelespa | Ludovina
Terreiros agasallos, sorteos, pouco o espazo, e moitas sorpresas
Prezo do Colón: 2,00 €
Organizado por Asociación Cultural Xida

TIRADA DE FOGOS
Prezo do Colón: 2,00 €

DÍA 25
MISA SOLEMNE cantada pola
CORAL ECOS DO FOLÓN DE FORNELOS
Prezo do Colón: 2,00 €

CONCERTO DA BANDA DA
AGRUPACIÓN MUSICAL DO ROSAL
A partir das 21:00 h

XXIV ENCONTRO DOS POBOS
cos grupos:
GRUPO HARRUCKERN | Hungría
GRUPO FOLCLÓRICO PIÑELOS | Portugal
DO LUSCO O FUSCO | A Guarda
Prezo do Colón: 2,00 €

CONCELLO DO ROSAL

BAIXO MIÑO

A GUARDA

A Guarda, escenario do primeiro Campionato Internacional de Taekwondo Praia en España

A guardesa Praia do Muíño foi a escollida para a celebración do I Campionato de técnica e free style praia e o I Trofeo de rompimentos espectaculares, celebrados o pasado domingo 9 de xullo.

Ambas competicións enmárcanse dentro do I Campus de Taekwondo Internacional da Guarda, que tivo lugar entre os días 6 e 9 deste mes nas inmediacións da praia guardesa, organizado polo Clube Domajó, en colaboración co director da Asociación Deportiva Do Yang, Francisco Tilve, o director do Ximnasio Kiap, Alfonso Guedella, e o mestre do Clube Domajó, José Lores.

Con idades comprendidas entre os 5 e os 58 anos, os máis de 50 participantes do Campus -principalmente procedentes da comunidade galega, Castela-A Mancha e Portugal- puideron practicar distintas técnicas da arte marcial e a súa efectividade como sistema de autodefensa, ademais da práctica de sistemas avanzados de adestra-

mento da flexibilidade, acrobacias e adestramento funcional aplicados ó Taekwondo.

Todo isto, da man dun equipo técnico composto por 15 profesionais de recoñecido prestixio, entre os que destacan o castelán-manchego Manuel Ballesteros, vinte veces campeón de España e seis veces campeón de Europa; os portugueses Sergio Ramos e Yoana Gonçalves, ambos campións de Europa; o mestre coreano Seung Han, 7º Dan e antigo Campión de Corea e Avilio Fernández, director de arbitrase internacional da Federación Portuguesa. Ademais da calidade docente, os participantes salientaron o espectacular enclave onde se realizou o evento, "rodeado de natureza, con praia e paisaxes inmemorables".

Pioneiros nos Campionatos de Taekwondo Praia

O I Campionato de técnica e free style praia de Taekwondo, programado inicialmente para a mañá do domingo no campo de fútbol do Codesal, trasladouse ás



inmediacións da praia O Muíño – cun fondo de mar, río e vistas a Portugal-, onde finalmente se celebrou ás 17:00 horas, seguida do I Trofeo de rompimentos espectaculares de Taekwondo nos niveis infantil, cadete, junior/sub21, absoluto e máster.

Tras a demostración da base técnica, na que se valorou a perfección dos movementos, os participantes mostraron a súas habilidades de coordinación na modalidade free style, na que os

movementos da arte marcial se combinan coa música para ofrecer un espectáculo coreografiado. O Trofeo de rompimentos espectaculares deu os momentos máis aplaudidos polos espectadores. Nesta técnica, os competidores exercen o endurecemento do corpo e, a un mesmo tempo, fan execucións complexas con dintintos materiais. Poñendo fin á xornada, os participantes agasallaron ós espectadores cunha demostración da modalidade olímpica de combate.



O Padroado Municipal organiza visitas guiadas ó Monte Santa Trega nas fins de semana e festivos até outubro

Aqueles interesados en coñecer os valores arqueolóxicos, relixiosos, patrimoniais e paisaxísticos do Monte guardés poderán presentarse no Museo Arqueolóxico, dende onde partirán as visitas guiadas organizadas polo Padroado Municipal durante as fins de semana e días

festivos dos meses de xullo, agosto e setembro.

As visitas comezan ás 12:30 e 17:00 horas. Terán unha duración de 90 minutos, cun percorrido polo Museo e posterior descenso a pé até o Castro de Santa Trega. Paralelamente, realizaranse visitas guiadas centradas única-

mente no Castro, cunha duración de 30 minutos e con saída ás 16:00 horas dende o asentamento castrexo.

As visitas guiadas son gratuítas e non precisan de inscrición previa, de xeito que os interesados deberán presentarse á hora de comezo da visita nos puntos

de encontro sinalados para cada percorrido.

Os grupos de máis de 10 persoas poderán realizar visitas concertadas baixo reserva previa no MASAT (no teléfono 986 610 504 ou en masat@aguarda.es), sempre que non coincidan cos horarios das visitas regulares.

O colexio de Solanas non autoriza a colocación do valado de hockey

O goberno municipal da Guarda presentou o proxecto de colocación dunha valado de hockey no pavillón do colexio de as Solanas con cargo ao plan concellos da Deputación 2016. Tratábase dunha actuación moi demandada polo colectivo que habitualmente utiliza o pavillón para realizar adestramentos. Desta maneira os equipos de hockey guardeses poderían xogar, con certas limitación debido ao tamaño da pista, partidos oficiais. O orzamento desta instalacións ascende a 20.800 €.

Despois de meses de xestións diante da directiva do centro e da unidade técnica da Xefatura Provincial de Educación o concello obtivo a autorización por parte da Xefatura Provincial.

No que respecta ao centro, despois de satisfacer por parte do concello e da empresa subministradora os requirimentos de información e documentación solicitados. A directora comunica ao concello que o claustro de profesores e o consello escolar non autorizan a colocación do valado de hockey. Os motivos que alegan son: a perigosidade que representa para o alumnado do centro e que a colocación do valado non permitiría as medidas oficiais para a práctica doutros deportes no pavillón.

O concello lamenta que, despois de meses de traballo, de conseguir o financiamento para o valado, de ter a autorización da Xefatura Provincial de Educación e da demanda dos deportistas e das súas familias, esta actuación non conte cos parabéns da comunidade educativa.

Nos días pasados comuncouse á directiva do club A Guarda Hockey Liña, que utiliza o pavillón de Solanas para os seus adestramentos, a decisión dos responsables do centro. Por parte dos deportistas acordaron buscar outras posibilidades para a instalación dun valado. De non atopar outro pavillón no que se autorice a súa colocación o concello deberá destinar os cartos para outro fin.

Pizzicata gañador do Tapearte



O alcalde da Guarda, Antonio Lomba, e a concelleira de Turismo, Montserrat Magallanes, fixeron entrega dos recoñecementos á mellor tapa e ó aperitivo máis degustado, nun acto celebrado no salón de plenos do Concello.

A propietaria do restaurante Xantar, Isabel Urgal, recolleu o diploma no que se recoñece a singularidade da súa participación nesta ruta gastronómica como o establecemento hosteleiro que serviu o maior número de tapas durante as fins de semana do 19 de maio ata o 18 de xuño. Polo súa parte, Manuel Alonso, dono do restaurante La Pizzicata, recolleu o diploma que da conta da súa condición de gañador do Concurso á Mellor Tapa nesta última edición, por ser o

aperitivo mellor valorado entre os participantes da ruta.

Amáis dos recoñecementos ós establecementos hosteleiros, o concello agasallou a aqueles que participaron na ruta en condición de comensais. Así, as 32 persoas que conseguiron un mínimo de 15 selos no seu pasaporte Ta-

por un reloxo e un bolígrafo do deseñador Antonio Miró.

Igualmente, fíxose entrega de 18 agasallos, compostos por unha mochila ou un mini altavoz, ás persoas gañadoras do sorteo que se realizou o pasado xoves 6 de xullo, entre os participantes cuxo pasaporte contaba cun mínimo de 7 selos.

Na ruta participaron 23 restaurantes e bares do Concello da Guarda e cada un ofreceu a súa tapa a 2 €. Ademais buscouse potenciar o concepto de ruta polo que os participantes dispuxeron dun pasaporte co relato dos establecementos adheridos e organizouse o Concurso da Mellor Tapa

de TAPEARTE 2017. Os participantes foron os responsables de valorar as tapas no pasaporte que despois depositaron na urna.



pearte 2017- isto é, que probaron cando menos esa cantidade de tapas en distintos establecementos- recibiron un pack formado

Visitas teatralizadas para coñecer a historia da Guarda

O xoves 13 de xullo, comezou na vila da Guarda a programación de visitas teatralizadas que se repetirá semanalmente durante todo o verán ata o vindeiro 7 de setembro.

Esta actividade pretende amosar a nosa historia e patrimonio dun xeito ameno e diferente, conxugando a técnica teatral coa divulgación do noso pasado. As visitas realizadas pola compañía Os Quinquilláns, percorrerán o centro histórico, comezando ás 21.30h. na Praza da Igrexa, para continuar o itinerario pola Praza do Reló, rúa Colón, rúa Baixo Muro, rúa José María Lomba Peña, rúa Malteses, para chegar ó Porto da Guarda.

Os actores protagonistas, Lucho Penabade e Tero Rodríguez, darán vida a dous personaxes influentes da Guarda de 1930. Neste momento, coinci-

dindo coa celebración do centenario da chegada do primeiro guardés a Porto Rico, deciden congregarse á poboación no centro da vila para gravar unha película que remitirán á sociedade guardesa en América. A través deste fio condutor a compañía fai unha intensa labor de amor os diferentes monumentos e lugares emblemáticos do centro da Guarda. Pero por se isto fora pouco, o espectáculo agocha sorpresas musicais coa intervención de músicos destacados como Paco Nogueiras ou o dúo Barahunda. Todos estes ingredientes fan desta actividade unha proposta diferente, divertida e que promete ser participativa.

A cita será os xoves 13, 20, 27 de xullo e 3 de agosto ás 21:30 horas, e os xoves 17, 24, 31 de agosto e venres 8 de setembro ás 21:00h.



BAIXO MIÑO

A GUARDA

A Xunta denega unha subvención para a mellora das instalacións do pavillón da Sangriña

O Concello da Guarda redactou un proxecto de renovación da instalación eléctrica de baixa tensión do pavillón da Sangriña, despois de acordar co Clube de Balonmán Mecalía Atlético Guardés que esta

era unha das actuacións urxentes necesarias no pavillón deportivo.

Para financiar esta actuación, cuxo custo ascende a un total de 46.759,07€, o concello solicitou á Xunta de Galicia unha axuda de 30.915,09€, a través dunha sub-

vención de mellora de infraestruturas que foi denegada. Os 15.843,98€ restantes necesarios para a reforma das instalacións están comprometidos coa Deputación de Pontevedra, con cargo ó Plan Concellos 2017.

O alcalde da Guarda xa trasladou á Secretaria Xeral para o Deporte, Marta Miguez, nunha xuntanza mantida o pasado 29 de marzo, a necesidade de acometer esta e outras actuacións de



forma urxente, xa que resultan imprescindibles para garantir a seguridade dos usuarios e espectadores.

Á marxe desta e outras actuacións de urxencia, o concello asi-

nará en breve un convenio coa Deputación de Pontevedra para a redacción dun proxecto de ampliación e mellora do pavillón, cuxo custo xa está a ser valorado polos técnicos.

A GUARDA (Pontevedra) **22 XULLO 2017**

Noites no Castelo

CASTELO DE SANTA CRUZ

22.00 h

BUDIÑO & MERCEDES PEÓN
(convidada especial)

23.30 h

SUSANA SEIVANE

PROGRAMA

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

O BNG insta ao PSOE a realizar programas de apoio educativo na Guarda

O Bloque Nacionalista Galego presentou un escrito no Concello da Guarda instando ao grupo de goberno do PSOE a abandonar estas medidas en materia educativa como a realización duns "Premios de educación 2.017" nos que se valora o expediente académico do alumnado do concello.

Para o BNG estamos diante dunha unha política errática en materia educativa por parte do Alcalde da Guarda.

As institucións públicas deben traballar por equilibrar as desigualdades que existen entre o alumnado, potenciando medidas de apoio ao alumnado con máis dificultades tanto económicas como doutra índole.

O grao de improvisación e "trapalleiría" do goberno socialista chega a tal nivel que de despois de publicar as bases dos premios, modificou as mesmas para incluír a centros excluídos nun inicio, pero deixando a posíbeis candidatas ou candidatas fora por non estar empadroados na Guarda, iso si, cursando en centros da localidade.

"Non fai sentido regalar tabletas, mentres temos alumnado con necesidades de apoio educativo que ben agradecerían a realización de programas para que axudar a que acaden os seus obxectivos", comentou Xan Lois Lomba, concelleiro do BNG.

O BNG lémbrale que o go-

verno municipal que das diferentes direccións dos centros educativos da Guarda xa lle amosaron a desconformidade con esta iniciativa.

"Non entendemos como habendo profesionais do ensino no goberno, se estean a potenciar este tipo de premios que fomentan competitividade entre alumnado e que para nada cumpren os obxectivos para os que se din que naceron estes premios", sinala Ángel Baz, portavoz municipal do BNG.

O BNG quere amosar rexeitamento a este premio e insta ao goberno municipal do PSOE a investir os cartos dos premios na procura dun programa de apoio educativo para alumnado con máis necesidades.



ALFESO

Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIONES
TODO TIPO DE XESTIÓNS COAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B • 36860 PONTEAREAS • T. 986 66 00 00 • F. 986 66 01 03

O IKFEM tende unha ponte musical na Eurocidade Tui-Valença do 21 ao 25 de xullo

IKFEM é o International Keyboard Festival & Masterclass da Eurociudad Tui - Valença, creado pola pianista Andrea González no ano 2013 a través da asociación Xuventudes Musicais de Tui. Este verán, IKFEM celebrará a súa quinta edición consecutiva do 21 ao 25 de xullo.

O festival ofrece un atractivo calendario de eventos musicais e formativos nos que se inclúen master classes, workshops e concertos. O fío condutor do festival é a familia de instrumentos de teclado: fortepiano, órgano, organetto, clave, acordeón, zanfona, keytar e teclado electrónico.

O evento tende unha ponte e fortalece sinerxias entre a cultura portuguesa e a española proponendo un programa artístico que abarca un amplo abanico de xéneros musicais: medieval, barroco, clásico, electrónico, jazz, lírico, pop, indie, folclórico e sinfónico. Os espazos arquitectónicos máis destacados da Eurociudad transfórmanse en sedes das actividades de IKFEM achegando un valor engadido ao territorio do Baixo e Alto Minho, ofrecendo masterclasses e concertos en lugares tan emblemáticos coma a vella ponte internacional, a

Catedral de Tui ou a fortaleza de Valença.

A xornada inaugural será o venres 21 de xullo cunha posta en escena única con tres horas de música en directo na vella Ponte Internacional de Tui-Valença, que esa xornada será cortada ao tráfico. Tras o acto inaugural previsto para ás 20.30h será a quenda do grupotudense Best Boy, a quen seguirá Abe Rábade e Javier Otero, e un concerto simultáneo de 10 pianos na vella Ponte Internacional. Mentres o sábado 22 e o domingo 23 serán dúas xornadas de música na Praça da República na Fortaleza de Valença con concertos a cargo de alumnos do Conservatorio Profesional de Música de Tui e da Academia da Fortaleza de Valença, amais de Miguel Campinho, Emilio Villalba e Sara Marina, Graciela Rodríguez e Daniel Pereira, amais dos propios alumnos do IKFEM,

A Catedral de Tui acollerá o concerto de Joao Vaz o domingo 23, e a Igrexa de San Domingos a Ignacio Prego o luns 24. O peche do festival, o martes 25, correrá a cargo de Carlos César Rodríguez. Todos os eventos teñen entrada libre até completar o aforamento.



21 JUL	22 JUL	23 JUL	24 JUL
INAUGURACIÓN 20:30 H	TECLISTAS DE LA EUROCIUDAD Alumnos del conservatorio de Tui y Valença. 12:00 H	TECLISTAS DE LA EUROCIUDAD Alumnos del conservatorio de Tui y Valença. 12:00 H	IGNACIO PREGO Noche barroca con Tiento Nuovo. 22:00 H
BEST BOY Pop-indie-folk. 21:00 H	MIGUEL CAMPINHO Vianna da Motta y Óscar da Silva: Luces y sombras del piano portugués en el S. XX. 13:00 H	EMILIO VILLALBA & SARA MARINA Máquina Antigua: música, arte e inventos medievales. 13:00 H	25 JUL IGLESIA DE Santo Domingo - Tui
ABE RÁBADE & JAVIER OTERO Dos visiones a dos pianos. 22:00 H	EMILIO VILLALBA & SARA MARINA Concierto en familia: Amadís y el tesoro de la música. 17:00 H	EMILIO VILLALBA & SARA MARINA Concierto en familia: Amadís y el tesoro de la música. 17:00 H	CARLOS CÉSAR RODRÍGUEZ Recital Ibero-Americano. 22:00 H
10 PIANOS SIMULTÁNEOS 22:45 H	TALENTOS IKFEM Piano, lírico y jazz. 18:15 H	TALENTOS IKFEM Piano, lírico y jazz. 18:15 H	Entrada libre hasta completar aforo.
	GRACIELA RODRÍGUEZ & DANIEL PEREIRA Canciones para siempre. 23:00 H	JOÃO VAZ Tres siglos de música portuguesa para órgano. 22:00 H	WWW.IKFEM.COM
		Catedral - Tui	Horario español



Ecopista do río Minho candidata a 'Melhor Via Verde da Europa'

A través de um projeto conjunto dos municípios de Vila Nova de Cerveira, Valença, Monção e Caminha, a Ecovia 'Caminho do Rio' é candidata ao prêmio de 'Melhor Via Verde da Europa', no VIII European Greenways Award. Vencedores são revelados a 28 de setembro, na cidade de Limerick.

Promovido pela Associação Europeia Greenways (E.G.W.A.) e pela União Europeia, este prêmio bienal tem como objetivo promover exemplos de melhores práticas e apoiar sua

replicação em outras vias verdes em toda a Europa.

Em Vila Nova de Cerveira, a Ecovia 'Caminho do Rio' perfaz cerca de 13,5 kms de pleno contacto com o rio Minho e a natureza envolvente. Os utilizadores são envolvidos numa paisagem mista entre uma área terrestre, cujo legado resulta da atividade agrícola, e uma área fluvial, onde domina a vegetação ao longo das margens, assim como elementos paisagísticos comuns em todo o estuário do rio. Nela, vive-se um

contraste da paisagem que mostra uma realidade diversa e conduz pela memória dos tempos à relação do Homem com o rio Minho.

Neste momento, a Câmara Municipal de Vila Nova de Cerveira tem projetado concretizar, a curto prazo, os últimos 900 metros, de forma a permitir que este corredor verde fique totalmente ligado de Monção ao concelho de Caminha.

As Vias Verdes do Rio Minho consistem numa rede de infraestruturas de "Ecovias" e



"Ecopistas" existentes na margem esquerda do rio Minho, entre Monção e a foz do Rio Minho em Caminha. Totalizam cerca de 50 km de rotas para pedestres e ciclismo, essencial-

mente inseridas na Rede Natura 2000.

O VIII European Greenways Award decorre a 28 de setembro, na cidade irlandesa de Limerick.

MISCELANEA

Ponte nas Ondas segue facendo camiño



Pola esquerda: Loli e Xerardo de PNO, Ría Lemaire, Xulián Maure, Guillermo (director do xornal), Camino Noia, Raquel Rey, Gisa Carvalho, Santi Veloso e Chus, súa dona.

Ven de celebrarse na cafetería viguesa “La ventana indiscreta”, situada na rúa Teófilo Llorente, unha animada reunión na que se tataron temas que arredor do patrimonio inmaterial que Ponte ...nas Ondas ven tratando dende o seu nacemento fai máis de 25 anos.

Nesta animada reunión puídemos saudar a membros da Asociación Cultural citada, Santi Veloso, súa dona Chus, Xerardo e Loli; o matrimonio formado por Camino Noia, da Universidade de Vigo acompañada do seu marido Xulián Maure do IEM; a profesora Ría Lemaire, investigadora de Universidade de Poitiers a quen acompañaba Gisa Carvalho, investigadora brasileira e Raquel Rey investigadora da

Universidade de Vigo. Foi convidado a esta reunión o director deste xornal Guillermo Rodríguez quer aproveitou para coñecer e saudar co afecto e recoñecemento que se merecía á Ría Lemaire quen nos últimos tempos ven colaborando co xornal ofrecéndonos ineresantes e pouco coñecidos temas sobre a titularidade das Cantigas de amigo, Cantigas de amor e maldicer que veñen sendo atribuídas a homes. Esta investigadora defende que foron mulleres quen escribiron estes textos literarios; que soamente a situación de dependencia da muller respecto aos seus maridos fixo que foran os homes quen se apropiaron destes extraordinarios traballos.

Esta teoría tamén é defen-

dida pola profesora Camino Noia.

Xuntanza amena e na que se trataron temas de moita profundidade literaria e social. Non puido faltar, loxicamente, o momento político que estamos vivindo en España, en Cataluña e tamén en Brasil.

Queremos con estas breves e apresuradas notas agradecer a todos o convite e desaxarlle tanto a Ría Lemaire como a Gisa Carvalho un feliz regreso aos seus destinos. Por certo, a profesora Ría Lemaire confesou a súa total admiración por Galicia (fixo o Camiño a Santiago) pero moi especialmente polas Terras de Finisterre, quedando comprometida a voltar porque quere pasar unha noite baixo o ceo de Fisterra.

A rexeneración de Ermelo rematará antes do día 25

O alcalde de Bueu, Félix Juncal, e o arquitecto técnico municipal visitaron as obras de rexeneración da contorna da aldea de Ermelo, na que actualmente está traballando a empresa adxudicatária, Rocas

Graníticas del Condado. Así, tras as conversas mantidas, o goberno local confía en poder ter culminada a obra antes do 25 de xullo, Día de Galicia, data para a que se está traballando na organización dun acto inaugural e unha romaría no lugar.

O proxecto inclúe a substitución do pavimento de asfalto por outro de mestura entre o adoquín e o enlousado de granito, no que actualmente están traballando e co que se busca unha revalorización deste núcleo histórico tradicional e cerne do Morrazo. Neste sentido, os tendidos eléctricos tamén serán soterrados e crearase unha canalización, tamén soterrada, para a recollida de augas pluviais. A idea é que tamén se coloque unha caseta para agardar o autobús e uns bancos para acondicionar o lugar, no que tamén existirán zonas verdes. A actuación está valorada en 77.000 €, IVE incluído e realízase

con cargo ao Plan de Obras e Servizos (PPOS 2016) da Deputación de Pontevedra.

Unha aldea con moita historia

A revalorización do entorno da Igrexa de Ermelo responde tamén á recente recuperación da súa memoria. Esta antiga construción constitúe un dos vestixios que aínda se conservan do antigo mosteiro. No 1104, posiblemente despois dun ataque normando no que o templo foi destruído, foi restaurado por mediación do arcebispo compostelán Diego Xelmírez e cambiou a súa advocación a San Bieito pola de Santiago. A edificación actual é froito da nova restauración realizada en 1774 con recursos do mosteiro de San Juan de Poio, onde estaba integrada. No seu interior destaca a pia bautismal decorada cunha cruz románica no relevo. A súa estrutura é de sillería irregular e na fachada represéntase unha espadaña barroca.





ROSQUILLAS Y MELINDRES

CONFITERIA ANCLA

TELÉF.: 986 64 18 74

CTRA. RIBADETEA
BARRIO PUENTE
PONTEAREAS - PONTEVEDRA



EXPOSICIÓN

Rexas

Mulleres baixo
o terror franquista

Exposición itinerante

Silleda, Tui, Marín, Nigrán
e Pontevedra

POLA MEMORIA DE **GALIZA**
25 DE XULLO

MISCELANEA

Carlos Méixome

A complexa realidade

O mércores andei pola librería compostelá de Couceiro na presentación dun libro de memorias temporais de Antonio Seoane Vázquez, “Comandante Profesional del Ejército español”. Como tal asina o mecanoescrito orixinal que, baixo o rótulo de “Malhechores de España” e co subtítulo “Años de guerra y Revolución”, recolle as súas lembranzas e visións do acontecido en Barcelona e Cataluña entre o 19 de xullo de 1936 e os primeiros días de febreiro de 1939 nos que, en compañía de miles de persoas refuxiadas, atravesou El Pertús. Atinadamente Bolanda Edicións escolleu, para a súa publicación, o subtítulo engadíndolles o período temporal das lembranzas.

Tras a chegada a Francia, Antonio Seoane ponse a escribir os seus recordos e valoracións dos anos de “guerra e revolución”, intensamente, ata rematar un bo mangado de cuartillas que editadas ocupan case trescentas páxinas. Labor que dá por rematado en Montaubau o 8 de abril de 1940. Nesta vila, uns

meses despois, falecerá o presidente Azaña e alí segue soterrado como símbolo manifesto de que a sociedade española non foi quen de superar e enviar á arca da historia o conflito social e político que estourou naquel mes de xullo de hai oitenta anos.

Antonio Seoane era un militar profesional e unha de tantas e tantas persoas que nada tiña claro na realidade confusa, como todas as realidades, que o leva a escribir no primeiro capítulo do seu libro: “¡Son nuestros! ¡Están con nosotros! ¿Por qué, si son nuestros, hacen fuego contra los suyos? (...) ¿quiénes somos unos? ¿quiénes otros? ¿Cómo y por qué podemos distinguir a los enemigos?”. Ata o final deste capítulo non o saberá: “La incógnita se había despejado y por fin sabía lo que era y lo que defendía. Era republicano y defendía la República. Y a solas conmigo mismo, pensé un segundo en mi familia y, para tranquilizarme, como si de esa manera los considerase salvados de todo peligro, y yo más fuerte y seguro de mí, grité

con mi corazón ¡Viva España!, y una escalofriante sacudida recorrió todo mi ser. ¡ La suerte estaba echada!”.

Pero o pensamento non salvaba a familia. Os outros tres irmáns tamén militares estaban no bando sublevado. O máis pequeno deles, Manolo, falece vítima dun obús das tropas leais. Esa morte marcará a vida de Antonio e impulsará a realizar unha especie de exorcismo redactando estas memorias que, que saibamos, nunca pretendeu editar nin, o máis seguro, se lle pasou pola cabeza tal cousa. Gardouno e levouno consigo ata a súa morte. Foi a súa esposa quen llo entregou ao seu sobriño e afilado, Antón Seoane, en 1993. Ata agora, pasados setenta e sete anos da súa redacción, non viu a luz nin para o público nin para a maioría dos seus familiares máis achegados.

Antonio regresou, co apoio familiar, en 1948. Estableceuse en Pontevedra, traballou en Jesús Lago y Lago e en Seguros Zurich e paseou polas súas rúas na com-



pañía da súa esposa francesa, Nenette, ata a súa morte en 1983.

E chegamos os que andamos con estas cousas e decatámonos do pouco que entendemos e do pouco que sabemos. Antonio Seoane, militar profesional, de familia de militares, formado en Zaragoza, fogueado na guerra de Marrocos, na Lexión de Millán Astray, sublevado con Sanjurjo en 1932, encarcerado e xulgado polo goberno da República... atópase, en 1936, en Barcelona, ao mando dunha compañía da “Guardia de Asalto” e fará a guerra, ocupando lugares de relevo tanto no campo de batalla como nos servizos se-

cretos, ás ordes da Generalitat e da República ata o exilio. Logo virá a outra vida sostida sobre a ocultación do pasado.

A realidade é ben máis complexa que a diseccionada, analizada, sintetizada, temporalizada polos manuais e as explicacións académicas. A realidade constrúese a partir de decisións persoais, tomadas sen as referencias que nos dá, ou nos oculta, a distancia histórica. As veces un ten a impresión de non As veces un ten a impresión de non entender moito o que pasou entender moito o que pasou

Venres, 24 de marzo de 2017

O bacallau de Escocia

Entre a documentación militar, fotos, carnés... que a viúva de Antonio Seoane Vázquez, Antoinette Fernández Huillet, lle entregou ao seu sobriño Antón Seoane acompañando o mecanoescrito do que falamos onte, atópase unha pequena postal cun retrato de Castelao por un lado e polo reverso co texto do himno galego. Ante a pregunta sorprendida de Antón de que facía aquilo entre os documentos persoais, tía Nenette respondeulle: “Ah eso es del bacalao de Escocia!”. Antonio y el coincidieron alguna vez en cosas del gobierno”. A súa tía aclaroulle que a muller de Castelao chamáballe así por que vía tan pouco que a responsabilidade da súa mobilidade caía sobre as

súas costas. Así o conta Antón na breve achega biográfica ao seu tío Antonio que acompaña a edición de Años de guerra y revolución. 1936-1939 (Bolanda, 2017).

No seu momento procuramos algunha imaxe ao respecto e atopamos a que ilumina este retallo. É evidente a qué se refería Virxinia e que Nenette contaba como unha especie de “cotilleo”, di Antón.

Tiñamos a dúbida de cando foi esa coincidencia por “cousas do goberno” dados os escasos datos que tiñamos de Antonio. As dúas posibilidades serían en Barcelona ou no exilio. Semella pouco verosímil que fose na capital catalá tanto porque na altura da estancia de Castelao na cidade, entre outubro de 1936 e xullo de 1938, non

temos noticia de que Antonio e Nenette se coñeceran, como porque non hai ningunha referencia a Castelao no libro de Antonio centrado nestes anos e nesa cidade.

Do exilio francés de Antonio nada sabemos. Mais parece factible que tras coñecer a Antoinette, francesa do sur, esas coincidencias por “cousas do goberno” puidesen acontecer durante a estancia parisiense de Castelao como ministro do goberno de Giral (dende xullo de 1946 ata xuño de 1947). Ben en París ou noutro lugar de Francia. En calquera caso constataríamos que Antonio seguía nesa altura a traballar para o goberno da República como se desprende tamén do carné que conservou e que o acredita como



comandante do corpo de “Seguridad y Asalto” asinado en Toulouse o sete de novembro de 1945.

Sería pois durante o ano es-

caso de residencia de Castelao en París cando coincidiron e Virxinia lle faría a Nenette esa confidencia acerca do bacallau que levaba ás costas, propia por outra parte dalgún momento de lecer no que participasen as dúas parellas.

O outro día na presentación das memoria de Antonio o investigador e secretario da Fundación Castelao, Miguel Anxo Seixas Seoane, confirmounos que Virxinia se refería ao seu home como “bacallau”, aínda que descoñecía a concreción “de Escocia”. Referencia derivada, sen dúbida, daquela “Emulsión de Scott” de repulsivo sabor que algúns tivemos o infortunio de probar, sacrificio só explicable polos, seica, excelentes beneficios para a saúde.

Sábado, 25 de marzo de 2017

Dous ferroláns en Barcelona

Non sei si se chegaron a coñecer, pero ambos estaban na capital catalá naquel sublevado 18 de xullo de 1936. As súas decisións interferiron e, en gran medida, impediron o triunfo dos rebeldes. Ambos na-

ceron en Ferrol, militares profesionais formados na Academia de Toledo, bautizados no lume da guerra africana. Ambos exercían o seu mando en servizos de seguridade, un na Garda Civil e outro na Garda de Asalto. Ambos padeceron

os medos e incertezas nas rúas barcelonesas convertidas en campo de batalla e de morte. Ambos vencedores por pouco tempo. Ambos derrotados.

Ningún deles era comunista, nin anarquista, nin fronte popu-

lista, nin sequera se definirían como republicanos; gustarían máis dunha monarquía que funcionase, os dous considerábanse militares profesionais e xa que logo coa obriga de obedecer os seus superiores e o goberno lexítimo.

Algunhas similitudes máis habería, e diferenzas substanciais. Na altura daquel infausto día de xullo, un tiña a súa vida feita, su-

perara xa as seis décadas de vida, tiña fillos, tamén militares, e netos, asentara no xeneralato, no cumio da carreira militar. O outro ía deixando as tres décadas agardando polo inminente ascenso a capitán. Ambos tiñan as persoas máis queridas guerreando e morrendo no outro bando; un os fillos, o máis novo os irmáns.

O xeneral non quixo marchar,

Pasa á páxina seguinte...

MISCELANEA

...Ven da páxina anterior

dicía que só cumprira co seu deber. Fusilárono no Camp de la Bota na amañecida do 21 de abril de 1939 tras o consello de guerra sumárisimo que o condenou e o correspondente “enterado” do seu compañeiro Franco. No ano en que coincidiron na Coruña tiñan por costume compartir o café dos do-

mingos, na compañía das respectivas esposas, unha semana na casa dun e a seguinte na do outro.

Nos últimos días de xaneiro do mesmo ano, o máis novo, xunto a milleiros de persoas, atravesaba a fronteira por Le Perthus. Regresaría en 1948 e viviría como administrativo administrador e

corredor de seguros, en Pontevedra, ata a súa morte en 1981.

Estou a falar do xeneral da Garda Civil José Aranguren Roldán e do comandante Antonio Seoane Vázquez. Dous libros veñen recuperar a súa memoria: Recordarán tu nombre (Destino, 2017) de Lorenzo Silva e Años de guerra y revolución (Bo-

landa, 2016), as memorias de Antonio Seoane Vázquez que abranguen do 18 de abril de 1936 e o paso da fronteira. En Montauban, redáctas e remátaas poucos meses antes de que na vila occitana faleza o presidente Manuel Azaña, que para vergonza do que agora chamamos “réxime de 1978”, e enxalzan como

“transición”, segue soterrado alí. O último Xefe do Estado democrático de España, ao que o colaboracionista Pétain impediu enterrar cos honores propios da súa representación, segue baixo terra francesa.

A memoria democrática e republicana segue sendo humillada.

Venres, 23 de xuño de 2017

Ministro da Cultura inaugura a XIX Bienal Internacional de Arte de Cerveira

"Obrigado Vila Nova de Cerveira pelo que tem feito pelas artes"



“O Ministério da Cultura e a Direção-geral das Artes vão continuar a apoiar esta grande iniciativa. Obrigado Vila Nova de Cerveira pelo que tem feito pelas artes”. Foram estas as palavras proferidas pelo Ministro da Cultura, Luís Filipe Castro Mendes, por altura da inauguração da bienal de arte mais antiga do país, que decorreu no sábado passado, em Vila Nova de Cerveira.

A XIX Bienal Internacional de Arte de Cerveira arrancou este sábado, para apresentar ao público 600 obras de 500 artistas de 35 países. No total foram mais de mil os visitantes que marcaram presença na abertura do evento, que se prolonga até 16 de setembro na ‘vila das artes’ para homenagear Paula Rego, Jaime Azinheira e Ernesto de Sousa.

“A Bienal de Cerveira é uma demonstração de cultura, iniciada por três grandes artistas. Tem mantido o mesmo nível de qualidade e presença de artistas prestigiados. O que este governo quer é que a cultura não esteja centralizada nos grandes aglomerados e Vila Nova de Cerveira é um bom exemplo disso. [...] Temos de homenagear Vila Nova de Cerveira

porque começou aqui, um grande movimento cultural de referência”, acrescentou Luís Filipe Castro Mendes.

Nas palavras do presidente da Fundação Bienal de Arte de Cerveira, Fernando Nogueira: “Vila Nova de Cerveira tem um grande

orgulho de ser uma plataforma de lançamento de jovens artistas. [...] Sabemos que o mais fácil em momentos de crise é cortar na cultura, por isso registamos o esforço que tem sido feito para apoiar a bienal de arte pelo Ministério da Cultura e da

Caminha, Paredes de Coura, Vigo e Ourense acolhem mostras da Bienal de Cerveira

“A coleção do Museu Bienal de Cerveira, que reúne cerca de 600 obras de arte contemporânea avaliadas em mais de um milhão de euros, é a base das itinerâncias desta 19.ª edição, indo de encontro com a estratégia de descentralização cultural adotada pela Fundação Bienal de Arte de Cerveira”, acrescenta o Presidente da FBAC, Fernando Nogueira.

O primeiro polo expositivo a inaugurar será o Centro Cultural Marcos Varcárcel, em Ourense, que acolhe, a partir de 22 de junho e até 15 de agosto, a exposição “Entre o pincel e o

rato”, que propõe ao visitante uma reflexão sobre a evolução das formas de comunicação inerentes às obras de arte.

O Museu Municipal de Caminha (22 julho a 31 agosto) será anfitrião da mostra “Paisagem no Acervo” e o Centro Cultural de Paredes de Coura apresentará uma circulação de esculturas relacionadas com as “Representações da Figura Humana” (25 agosto a 1 outubro).

Por sua vez, o Centro Cultural do Instituto Camões em Vigo apresentará ao público, entre 29 de julho a 15 de setembro, uma itinerância da mostra “Auarte – Uma mirada

DGArtes. O que nos move é poder partilhar este legado com as gerações futuras”.

De salientar que segundo a curadora de homenagem a Paula Rego, Helena Mendes Pereira, a artista encontra-se “profundamente feliz com esta homenagem

galaico-portuguesa sobre o rio Minho 2017”, um projeto de cooperação cultural transfronteiriça que apresenta a visão de 8 jovens artistas das duas margens do rio Minho.

Nas últimas décadas, a Bienal Internacional de Arte de Cerveira tem-se afirmado como um dos acontecimentos mais marcantes das artes plásticas no nosso país sendo, sem dúvida, um evento de referência para a cultura artística nacional e internacional. De recordar que esta é a bienal de arte mais antiga do país e da Península Ibérica em termos de atividade.

e que é para ela um privilégio ser reconhecida no seu país”, acrescentando ainda que “o filho, Nick Willing, prometeu fazer uma visita oportunamente”.

“DA POP ARTE ÀS TRANS-VANGUARDAS, Apropriações da arte popular” é o tema da XIX Bienal Internacional de Arte de Cerveira, cuja coordenação artística está a cargo de Cabral Pinto. O programa de 2017 envolve: Concurso Internacional; representações de 14 Universidades, Escolas Superiores e Politécnicos das áreas artísticas; Artistas Convidados e Curadorias nacionais e internacionais; Homenagem principal (Paula Rego), Homenagens (Jaime Azinheira e Ernesto de Sousa); Conferências e Debates; Ateliers e Workshops; Performances; Visitas Guiadas; Concertos; entre outros.

Nas últimas décadas, a Bienal Internacional de Arte de Cerveira tem-se afirmado como um dos acontecimentos mais marcantes das artes plásticas no nosso País sendo, sem dúvida, um evento de referência para a cultura artística nacional e internacional. De recordar que é a bienal de arte mais antiga do país e da Península Ibérica em termos de atividade.



“DA POP ARTE ÀS TRANS-VANGUARDAS, Apropriações da arte popular” é o tema da XIX Bienal Internacional de Arte de Cerveira, que decorre de 15 de julho a 16 de setembro, em Vila Nova de Cerveira, para apresentar mais de 500 participantes de 35 países, e mais de 600 obras de arte.

A quinta edición do Festival Groba achega a música clásica a tódolos públicos

O Concello de Ponteareas acolleu a presentación da V edición do Festival Groba que terá lugar dende o día 11 ao 18 de agosto de 2017.

O Secretario Xeral de Cultura da Xunta de Galicia, Anxo Lorenzo, o Deputado Provincial de Cultura, Xosé Leal e o propio compositor, Rogelio Groba, quixeron arroupar e apoiar hoxe á Orquesta de Cámara Galega, organizadora do Festival Groba, e ao Concello de Ponteareas como anfitrión e colaborador deste importante certame musical.

Na súa intervención Anxo Lorenzo destacou a tradición musical da vila e da comarca en xeral e a importancia de que neste ano se celebre a quinta edición síntoma da consolidación dun certame único en Galicia.

No acto de presentación do V Festival Groba, o Deputado Provincial, Xosé Leal, reseñou que este festival é un claro exemplo de a música de cámara non se concibe só para as grandes cidades, "sendo un exemplo de cara a todo o público e aos propios músicos convidados de que un festival desta calidade e magnitude tamén é posible en vilas máis pequenas. Os festivos teñen que topar o sea oco e o seu público e nese punto que é seu ofrecer calidade".

Rogelio Groba Otero, director artístico do Festival, fixo un repaso pola programación su-

ñando a capacidade de promover os músicos da terra e facelos convivir e compartir cartaz durante estes cinco días con músicos recoñecidos do panorama internacional. Para Groba un dos obxectivos do festival é achegar a música de cámara ao público, facendo a cultura accesible.

"O obxectivo deste festival é levar a música clásica ao maior número de persoas coa orixinalidade e privilexio de levar o nome dun compositor vivo que sigue a crear, a compor e a traballar ofrecendo a posibilidade aos novos músicos de coñecelo e de traballar conxuntamente", engade Groba Otero.

Músicos galegos como o violonista Pablo Vidal ou o israelí Guy Braunstein danse a man no V Festival Groba. Clara Jumi Kang ao violín, á viola Miguel Dasilva e Helene Deisant, ao cello Anastasia Kobekina e tamén Leonard Elschenbroich ou ZVI Plessner e a ponteareá Alba Reiris ou o compositor Manuel Lorenzo comparten cartel cos pianistas Sunwook Kim, Julien Quentin, Anna Crexells e Antía Couto e tamén cos frautistas Gili Shwarzman, Bernabé Simes ou a soprano Isabella Gaudí, sen esquecer a Ramón Pérez ao clavicémbalo e ao compositor Luís Álvarez.

O Alcalde de Ponteareas, Xosé Represas, agradeceu o traballo da organización ao ofrecer a tódolos veciños unha semana de música

clásica propia dos grandes auditorios e teatros de todo o mundo, levando, unha vez máis, o nome de Ponteareas a escalas internacionais.

Formación e estreas

En canto á vertente de formación artística para o alumnado participante, o festival centrará o seu repertorio nos conxuntos de cordas e piano. Ademais, prestarase unha atención especial á divulgación do compositores galegos, concretamente ao compositor lucense Luís Álvarez Cabado e, consonte aos obxectivos da iniciativa, ao mestre Rogelio Groba. Este ano, en colaboración coa Fundación Groba, o festival estreará "Na suavía", unha obra escrita especificamente para a ocasión polo compositor ponteareán, creada para soprano e orquestra.

Outras composicións de Groba, xunto con pezas habituais do repertorio internacional de autores como Haendel, Brahms, Mendelssohn, Holst, Telleman e Dvorak completan a oferta musical do festival.

Este ano os artistas nacionais e internacionais convidados interpretarán algunhas das obras máis aclamadas polo público nas edicións anteriores convertendo así esta edición nunha especie de caleidoscopio histórico das actividades artísticas do festival.

Pedagoxicamente, e para refor-



zar a vinculación do festival cos novos talentos, o Festival Groba 2017 ofertará un curso de violonchelo e, debido ao éxito da pasada edición, impartirase tamén un curso de biomecánica adicado á educación postural dos intérpretes previa inscrición na páxina web www.festivalgroba.com donde se poderán consultar os requirimentos.

A V edición do Festival Groba dará comezo o día 11 e estende-

rase ata o 18 de agosto. A OCGa, como orquestra residente, abrirá e pechará o Festival Groba con dous concertos sempre ás nove da noite do 11 e 18, ademais dun terceiro concerto o luns 14.

O resto da semana, cada día ás nove da noite, haberá un concerto interpretado por un elenco de artistas de gran traxectoria internacional e unha ampla representación de novos talentos de Galicia.